# Camiña con Nós pola Igualdade 2007/2008. Memoria




## Concellería de Igualdade
## Concello de Vigo

## *Índice*

Índice......3

Introdución......5

Destinatarios e destinatarias......7

- Obradoiros impartidos en cada centro......8
- Alumnado participante por curso e obradoiro......10
- Representatividade da mostra atendida......10
- Seguimento do programa nas tres edicións......11

Deseño......15

- Reunións iniciais e consulta de documentación......15
- Comunicación cos centros......15
- Programación......16
  - Segundo ciclo de educación infantil......16
  - Sexto de educación primaria......17
- Creación do material didáctico......17
  - Materiais para os obradoiros do segundo ciclo de educación infantil......17
  - Materiais para os obradoiros de sexto de educación primaria......19
  - Materiais para o profesorado......20
  - Outros materiais empregados......20
  - Agasallos......21
- Información aos medios......21

Implementación......22

- Implementación do programa en educación infantil:......22
  - Obradoiro 1: familia e corresponsabilidade.......23
    - *Observacións......24*

Obradoiro 2: traballo....25

*Observacións....26*

Obradoiro 3: mulleres ....27

*Observacións....28*

Obradoiro 4: afectividade....29

*Observacións....29*

Implementación do programa en educación primaria: ....30

Obradoiro 1: igualdade. ....31

*Observacións....31*

Obradoiro 2: corresponsabilidade ....32

*Observacións....33*

Obradoiro 3: mulleres na historia....34

*Observacións....35*

Obradoiro 4: afectividade....36

*Observacións....36*

Avaliación....38

Avaliación inicial: ....38

Avaliación procesual: ....38

Avaliación final:....39

Conclusións ....42

Luces e sombras:....44

Propostas de mellora ....47

Anexos....51

Programa didáctico de educación infantil:....52

Programa didáctico de educación primaria: ....58

Materiais didácticos usados en educación infantil:....64

Materiais didácticos usados en educación primaria:....66

## *Introdución*

"Camiña Con Nós pola Igualdade" é un programa educativo promovido pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo,no marco da subvención do programa de cooperación da Xunta de Galicia.

Enmárcase no II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007, e no III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vigo 2005-2007.

É un programa destinado á sensibilización e formación na igualdade de oportunidades de nenas e nenos do segundo ciclo de educación infantil (3 a 6 anos) e do último curso de educación primaria (12 anos). En educación infantil o alumnado é moi receptivo; trátase dunha etapa educativa idónea para traballar a coeducación, a igualdade de oportunidades entre xéneros, e a prevención de condutas violentas, xa que as nenas e nenos están conformando as súas identidades de xénero. Pola súa parte, sexto de primaria é unha etapa de transición á educación secundaria obrigatoria, na que é importante proporcionar ferramentas que lle permitan ao alumnado ter unhas interaccións positivas e igualitarias, e a construción dunha autoimaxe e un autoconcepto positivos e realistas.

O programa foi elaborado, deseñado e impartido por dúas pedagogas que, tendo como base o traballo feito nas edicións anteriores, e dende unha perspectiva de xénero, desenvolveron catro obradoiros temáticos para cada etapa educativa. Neles, a través dunha metodoloxía lúdica e participativa, buscouse promover a igualdade entre homes e mulleres.

Os obxectivos específicos para a etapa de educación infantil son: romper os estereotipos de xénero no ámbito familiar; fomentar a corresponsabilidade na familia; aceptar os distintos tipos de familia; romper os estereotipos de xénero no ámbito laboral; fomentar a igualdade no ámbito do traballo; coñecer a distintas personaxes ficticias e reais que non corresponden aos estereotipos de xénero; e expresar e identificar emocións e sentimentos.

Os obxectivos específicos para a etapa de educación primaria son: romper os estereotipos de xénero; identificar as semellanzas e diferenzas entre mulleres e homes; fomentar a corresponsabilidade na familia; coñecer as achegas das mulleres á historia da humanidade; desenvolver a asertividade; identificar situacións de maltrato relacionadas coa

violencia de xénero; expresar e identificar emocións e sentimentos.

## *Destinatarios e destinatarias*

Este programa está dirixido aos centros educativos públicos da cidade de Vigo que imparten as etapas de educación infantil e/ou de educación primaria.

Do total de cincuenta e tres centros que imparten estas ensinanzas, vinte e nove solicitaron a participación no programa: seis escolas de educación infantil; vinte e un centros de educación infantil e primaria, un centro de educación primaria, e un centro público integrado.

Atendeuse a un total de 2261 alumnas e alumnos: 1937 do segundo ciclo de educación infantil, e 324 de sexto de educación primaria.

Traballouse con 107 profesoras e profesores-titores en educación infantil, e 22 en educación primaria. Se nos fixamos no sexo do profesorado, destaca que no segundo ciclo de educación infantil unicamente dous son homes, e as cento cinco restantes son mulleres.

A continuación presentamos graficamente, e mediante unha táboa, a listaxe de centros, e a distribución do alumnado por niveis educativos:






| | Alumnado Educación Infantil | | | | Alumnado Educación Primaria | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 4º | 5º | 6º | Total | 6º | |
| *CEIP A Doblada* | 24 | 47 | 29 | 100 | 24 | 124 |
| *CEIP A Paz-Tintureira* | 15 | 16 | 18 | 49 | 26 | 75 |
| *CEIP Carrasqueira* | 35* | 21 | 23 | 79 | 27 | 106 |
| *CEIP A.R. Castelao* | 25 | 25 | 14 | 64 | 20 | 84 |
| *CPI C.E. Ferreiro* | 25 | 25 | 23 | 73 | | 73 |
| *CEIP Chans-Bembrive* | 25 | 34 | 33 | 92 | 34 | 126 |
| *CEIP Coutada Beade* | 30 | 32 | 21 | 83 | | 83 |
| *EEI Cristo de la Victoria* | 9 | 15 | 13 | 37 | | 37 |
| *CEIP E.P. Bazán* | 50 | 50 | 50 | 150 | | 150 |
| *CEIP Escultor Acuña* | 41 | 46 | 46 | 133 | 45 | 178 |
| *CEIP García Barbón* | 49 | 50 | 50 | 149 | | 149 |
| *CEIP Igrexa Candeán* | 9 | 9 | 15 | 33 | 19 | 52 |
| *CEIP Javier Sensat* | 25 | 25 | 37 | 87 | 17 | 104 |
| *CEIP Josefa Alonso* | 10 | 18 | 23 | 51 | | 51 |
| *CEIP Mestres Goldar* | 19 | 22 | 18 | 59 | 6 | 65 |
| *EEI Monte da Guía* | 20 | 11 | 13 | 44 | | 44 |
| *EEI Monte do Alba* | 22 | 33 | 23 | 78 | | 78 |
| *CEIP Mosteiro-Bembrive* | 36 | 25 | 25 | 86 | | 86 |
| *EEI O Nogal* | | 12 | 8 | 20 | | 20 |
| *CEIP O Sello* | 19 | 13 | 18 | 50 | 9 | 59 |
| *CEIP O Pombal* | 44 | 38 | 38 | 120 | 27 | 147 |
| *CEIP Otero Pedraio* | 21 | 18 | 18 | 57 | 36 | 93 |
| *EEI Rúa Palencia* | 5 | 5 | 15 | 25 | | 25 |
| *EEI Rúa Hernán Cortés* | 21 | 22 | 25 | 68 | | 68 |
| *CEIP San Salvador-Teis* | 16 | 16 | 22 | 54 | 15 | 69 |
| *CEIP Santa Mariña* | 8 | 12 | 11 | 31 | 7 | 38 |
| *CEP Santa Tegra* | | | | | 12 | 12 |
| *CEIP Vicente Risco* | 10 | 10 | 11 | 31 | | 31 |
| *CEIP Virxe do Rocío* | 13 | 12 | 9 | 34 | | 34 |
| total | | | | 1937 | 324 | 2261 |

## *Obradoiros impartidos en cada centro*

Inda que o programa ofrece catro obradoiros, cada centro podía solicitar o número deles que considerara máis axeitado para o seu alumnado.

No segundo ciclo de educación infantil vinte e oito centros participaron no primeiro obradoiro, vinte e catro no segundo, vinte un no terceiro, e once no cuarto.

En sexto de educación primaria podemos salientar que son quince os centros onde se impartiu tanto o primeiro como o segundo obradoiro, diminuíndo ata once no terceiro, para baixar ata catro no cuarto e último obradoiro.

Estes datos recóllense na seguinte táboa:

| | *Educación Infantil* | | | | *Educación Primaria* | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *CEIP A Doblada* | *1º* | *2º* | *3º* | *4º* | *1º* | *2º* | *3º* | *4º* |
| *CEIP A Paz-Tintureira* | ■ | ■ | ■ | | ■ | ■ | ■ | |
| *CEIP Carrasqueira* | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| *CEIP A.R. Castelao* | ■ | ■ | ■ | | ■ | ■ | ■ | |
| *CPI C.E. Ferreiro* | ■ | ■ | ■ | | ■ | ■ | ■ | |
| *CEIP Chans-Bembrive* | ■ | | | | | | | |
| | ■ | ■ | | | ■ | ■ | | |
| *CEIP Coutada Beade* | ■ | ■ | ■ | ■ | | | | |
| *EEI Cristo de la Victoria* | ■ | | | | | | | |
| | ■ | ■ | ■ | ■ | | | | |
| *CEIP E.P. Bazán* | ■ | ■ | ■ | | ■ | ■ | ■ | |
| *CEIP Escultor Acuña* | ■ | ■ | ■ | ■ | | | | |
| *CEIP García Barbón* | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| *CEIP Igrexa Candeán* | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| *CEIP Javier Sensat* | ■ | ■ | ■ | | | | | |
| *CEIP Josefa Alonso* | ■ | ■ | | | ■ | ■ | | |
| *CEIP Mestres Goldar* | ■ | ■ | ■ | ■ | | | | |
| *EEI Monte da Guía* | ■ | ■ | ■ | | | | | |
| *EEI Monte do Alba* | ■ | ■ | ■ | ■ | | | | |
| *CEIP Mosteiro-Bembrive* | ■ | ■ | ■ | | | | | |
| | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| *EEI O Nogal* | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | |
| *CEIP O Sello* | ■ | ■ | ■ | | ■ | ■ | ■ | |
| *CEIP O Pombal* | ■ | | | | | | | |
| *CEIP Otero Pedraio* | ■ | ■ | ■ | ■ | | | | |
| *EEI Rúa Palencia* | ■ | ■ | ■ | | ■ | ■ | ■ | |
| *EEI Rúa Hernán Cortés* | ■ | | | | ■ | ■ | | |
| | | | | | ■ | ■ | | |
| *CEIP San Salvador-Teis* | ■ | ■ | | | | | | |
| *CEIP Santa Mariña*<br>*CEP Santa Tegra*<br>*CEIP Vicente Risco*<br>*CEIP Virxe do Rocío* | ■ | ■ | ■ | | | | | |
| *totais* | *28* | *24* | *21* | *11* | *15* | *15* | *11* | *4* |

Representamos graficamente en cantos centros se levou a cabo cada obradoiro:




## *Alumnado participante por curso e obradoiro*

Como vimos no apartado anterior, non todos os centros solicitaron os catro obradoiros. Consecuentemente con isto, o número de alumnado participante en cada obradoiro é decrecente, tal e como se pode ver a continuación.




## *Representatividade da mostra atendida*

Nos seguintes gráficos pódese ver a representatividade do alumnado atendido con respecto á totalidade do alumnado vigués matriculado nos centros públicos:

- 4º de educación infantil: dun total de 1146 alumnas e alumnos, participaron 638, o que representa un 55,6%.
- 5º de educación infantil: dun total de 1191 alumnas e alumnos, participaron 650, o que representa un 54,5%.
- 6º de educación infantil: dun total de 1214 alumnas e alumnos, participaron 649, o que representa un 53,4%.

- 6º de educación primaria: dun total de 1058 alumnas e alumnos, participaron 324, o que representa un 30,6%.




## *Seguimento do programa nas tres edicións*

A cidade de Vigo ten un total de cincuenta e tres centros públicos que imparten o segundo ciclo de educación infantil e/ou educación primaria; clasificados do seguinte xeito: nove escolas de educación infantil (3 a 6 anos), trinta e nove colexios de educación infantil e primaria (3 a 12 anos), un centro público integrado (3 a 16), e un centro de educación primaria (6 a 12 anos).

Nas tres edicións nas que se desenvolveu este programa ata o de agora, participaron un total de trinta e sete centros, dos que catorce participaron en todas as edicións, doce en dúas e once só nunha delas.

Nesta táboa aparecen recollidos os centros educativos participantes en cada unha das edicións.

| | Edición 2005/2006 | Edición 2006/2007 | Edición 2007/2008 |
|---|---|---|---|
| CEIP A Doblada | | | |
| CEIP A Paz-Tintureira | | | |
| CEIP Balaídos | | | |
| CEIP Canicouba-Pereiró | | | |
| CEIP Carrasqueira | | | |
| CEIP A.R. Castelao | | | |
| CPI C.E. Ferreiro | | | |
| CEIP Chans-Bembrive | | | |
| CEIP Coutada Beade | | | |
| EEI Cristo de la Victoria | | | |
| CEIP Eijo Garay | | | |
| CEIP E.P. Bazán | | | |
| CEIP Escultor Acuña | | | |
| CEIP Fonte Escura | | | |
| CEIP García Barbón | | | |
| CEIP Igrexa Candeán* | | | |
| CEIP Javier Sensat | | | |
| CEIP Josefa Alonso | | | |
| Colexio Mercantil | | | |
| CEIP Mestres Goldar | | | |
| EEI Monte da Guía | | | |
| EEI Monte do Alba | | | |
| CEIP Mosteiro-Bembrive | | | |
| EEI O Nogal | | | |
| CEIP O Sello | | | |
| CEIP O Pombal | | | |
| CEIP Otero Pedraio | | | |
| EEI Rúa Palencia | | | |
| EEI Rúa Hernán Cortés | | | |
| CEIP San Salvador-Teis | | | |
| CEIP Santa Mariña | | | |
| CEP Santa Tegra | | | |
| EEI Santa Tegra | | | |
| CEIP Sárdoma-Moledo | | | |
| CEIP Valle Inclán | | | |
| CEIP Vicente Risco | | | |
| CEIP Virxe do Rocío | | | |
| Totais | 20 | 29 | 29 |

*Centros que participaron nas tres edicións*

*Centros que participaron en dúas edicións*

*Centros que participaron só nunha edición*

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | |

## *Deseño*

Neste apartado descríbese o proceso levado a cabo para elaborar o programa e todo o necesario para implementalo.

### *Reunións iniciais e consulta de documentación*

Nun primeiro momento as dúas pedagogas xuntáronse coa técnica da Concellería de Igualdade para coñecer as directrices de elaboración e desenvolvemento do programa. Neste intercambio asentáronse os principios básicos a seguir, tendo como referencia as memorias e a revisión dos materiais elaborados nas dúas edicións anteriores.

Logo de coñecelos dedicaron un tempo a consultar documentación de fontes bibliográficas, de internet, visitar librerías, visitar a exposición permanente "Planeta de Igualdade" no Museo Verbum… co fin de ter unha ampla base de coñecementos sobre os que deseñar os programas axeitados aos distintos niveis educativos.

### *Comunicación cos centros*

Nunha segunda fase estudáronse a fondo todas e cada unha das solicitudes dos centros.

Nelas indicaban as etapas educativas para as que solicitaban o programa, o número de alumnas e alumnos de cada nivel, as actividades que poderían ser máis interesantes, se xa se traballara nesta temática, o material que dende esta concellería lles interesaría recibir…

A partir destas solicitudes elaborouse a planificación diaria das visitas aos centros, dende xaneiro a xuño de 2008, segundo o número de obradoiros, o número de grupos, e os niveis educativos solicitados, detallando as datas e o horario.

A partir dela, redactouse unha carta indicando a data, a hora, o grupo e o número de obradoiros, que se enviou por Fax a cada centro educativo como proposta inicial de actuación. Logo de recibir a aceptación ou non, das datas inicialmente propostas, axustouse a planificación.

Unha vez planificadas as sesións en todos os centros que presentaron a súa solicitude en prazo, estudouse coa técnica da Concellería de Igualdade a posibilidade de incluír aos dous centros que a presentaron fóra de prazo, optando por impartir nestes centros os obradoiros que foran posibles.

## *Programación*

Baixo a supervisión da técnica da Concellería de Igualdade, as pedagogas elaboraron un programa específico para cada nivel educativo: segundo ciclo de educación Infantil (tres, catro, e cinco anos) e sexto de educación primaria (doce anos).

### *Segundo ciclo de educación infantil*

Unha vez establecido o obxectivo básico do programa: “Fomentar a igualdade no ámbito familiar, escolar, laboral e social”, decidiuse desenvolver catro obradoiros temáticos: familia e corresponsabilidade, traballo, mulleres e afectividade.

Deseñáronse para cada obradoiro: obxectivos específicos, establecendo os seus correspondentes contidos e actividades educativas e lúdicas co fin de fomentar a aprendizaxe a través da participación activa das cativas e cativos.

## *Sexto de educación primaria*

As pedagogas seleccionaron catro núcleos temáticos: diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes, corresponsabilidade, presenza das mulleres na historia e afectividade; que se corresponden cos catro obradoiros.

Cada un conta cos seus obxectivos, contidos, e distintas actividades para propiciar a participación activa das nenas e nenos.

Como complemento ás actividades desenvolvidas nos obradoiros, decidiuse crear en cada aula un “espazo da igualdade” onde colocar os conceptos chaves explicados, e que deste xeito permanezan na súa realidade educativa diaria.

## *Creación do material didáctico*

Logo do deseño teórico dos programas, e como paso previo á creación do material didáctico elaborouse unha lista especificando todo o material funxible necesario (folios, cartolinas, goma EVA, pegamento, lapis, plástico adhesivo transparente…) para poder crear os materiais didácticos.

Todos os recursos educativos deseñados para cada un dos catro obradoiros son dinámicos e permiten a participación activa e a reflexión do alumnado, como requisito básico e imprescindible da aprendizaxe .

## *Materiais para os obradoiros do segundo ciclo de educación infantil*

Os materiais didácticos elaborados para esta etapa educativa foron:

- Libro da igualdade: Tendo sempre moi en conta ao alumnado ao que vai dirixido naceu o “Libro da Igualdade”, un libro “vivo e máxico” de gran tamaño, cheo de cores que, a través de debuxos, imaxes, xogos e personaxes reais e ficticias, espertará a curiosidade de nenas e nenos, captará a súa atención, e permitiralles participar e aprender activamente mentres seguen as explicacións. É o fío condutor das distintas actividades.

Construíronse dous exemplares, diferentes na forma e iguais no contido, co obxecto de alternar a súa presenza nos centros educativos. Cada un consta dunha portada e unha contraportada, máis 15 páxinas de tamaño A2, feitas con cartolinas de cores plastificadas, cartóns, papeis de cores, goma EVA, imáns,...

- Personaxes da escritora e do escritor: Creáronse unha escritora e un escritor de gran tamaño, supostos "autor e autora" do libro, en cartolina e goma EVA, e plastificados.

- Debuxo para colorear: Seleccionouse unha escena de corresponsabilidade, para ser coloreada polo alumnado no primeiro obradoiro.

- Xogo das fichas: Seleccionáronse e plastificáronse once imaxes tamaño A4 dos seguintes obxectos: aspiradora, tixola, trade, vasoira, fregona, cociña, martelo, serra, desaparafusador, ferro de pasar, e lavadora.

- Quebracabezas: Fixéronse oito quebracabezas de seis pezas cada un, de cartón e goma EVA. Para iso partiuse de varias escenas de corresponsabilidade protagonizadas por distintos animais (osos, gatos, elefantes, coellos e xirafas), extraídas do libro: "¿Quen o fai? as tarefas da casa" realizado polo Colectivo Infesta e editado por Sotelo Blanco Edicións (1997), ampliadas e coloreadas.

- Dominó xigante de profesións: Creouse un xogo de dominó de dezasete pezas de cartón en tamaño A4 plastificadas, cada unha con dúas imaxes de traballadores e traballadoras obtidas de internet. As pezas están organizadas en cinco cores: branco, verde, laranxa, azul, e vermello.

- Libros de series de televisión. Elaboráronse dous libros relacionados con dúas series de debuxos animados infantís: "Caillou" e "As Supernenas". O "Libro de Caillou" está composto por catro páxinas tamaño A5 plastificadas, nas que aparecen os principais membros da súa familia. O "Libro das Supernenas" consta de tres páxinas tamaño A5 plastificadas, nas que aparecen as protagonistas da serie.

- Ruleta de sentimentos: Creouse unha ruleta de goma EVA e cartón, sobre unha base rectangular tamén de cartón, dividida en oito seccións, nas que se inclúen os sentimentos que se citan a continuación: sorpresa, cansazo, tranquilidade, enfado, felicidade, aburrimento, susto, e tristeza, representados coa palabra e cunha cara coa correspondente expresión. No centro hai unha frecha de cartón e goma EVA, que sinala os sentimentos.

### *Materiais para os obradoiros de sexto de educación primaria*

A continuación cítanse os materiais creados:

- Folla coa imaxe muller e folla coa imaxe home: dous folios en branco, un cunha icona representativa dunha muller, e outro cunha icona representativa dun home.

- Presentación en formato dixital sobre a “corresponsabilidade”.

- Diario de tarefas. Caderno de follas de cores tamaño A5, con follas en branco. Na penúltima páxina inclúen unha serie de reflexións sobre a corresponsabilidade, e na contraportada aparece un contrato no que a alumna ou o alumno se compromete a realizar tres tarefas que antes non realizaba.

- Presentación en formato dixital sobre “a muller na historia”. Esta presentación iníciase con dúas adiviñas que permiten reflexionar e introducir o tema.

- Presentación en formato dixital “Se el nacera muller”, complementaria da anterior, na que se compara a biografía de Jane Franklin, coa do seu irmán Benjamin Franklin. O texto sacouse da unidade didáctica “Cambiando os guións, eu tamén quero ser…”, elaborada por Conta con Elas, e editada pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, como parte do proxecto Equal.

- Sopa de letras: Inclúe tódalas mulleres citadas na presentación.

- Xogo dos sobres: seis sobres plastificados de distintas cores; cada un deles contén a biografía dunha muller e a dun home coa mesma profesión: política e político, aviadora e aviador, piratas , pintora e pintor, escritora e escritor e astronautas.

- Presentación en formato dixital sobre “a afectividade e as relacións” Esta presentación inclúe a dinámica de cohesión grupal “Mostrémonos afecto!”. Remata coa escoita activa e comentario da canción “María” de Pasión Vega.

- Palabras chave: En folios de cores plastificados elaboráronse carteis coas palabras e conceptos chave tratadas nos obradoiros: igualdade, muller, home, sexo e xénero, corresponsabilidade, historia (presenza das mulleres na historia), emocións primarias,violencia de xénero, relacións sas e o poema “Desde los afectos” de Mario Benedetti

- Enquisa de avaliación para as alumnas e alumnos de sexto de educación primaria.

- Actividade complementaria ao primeiro obradoiro de primaria. Nun folio propónselle ao profesorado titor realizar co seu alumnado a seguinte actividade:

*Analizar imaxes de mulleres e homes: Partindo de anuncios de prensa, de imaxes de figuras públicas, e de imaxes de personaxes de videoxogos, comentar os modelos que nos transmiten nos medios, e analizar criticamente o seu axuste coa realidade, se son ideais ou reais. Falar de como nos medios de comunicación se dá unha importancia excesiva á imaxe exterior das persoas, e non a outras calidades, como poden ser intelixencia, afabilidade, cultura, espírito crítico, etc. Falar das calidades necesarias na sociedade actual.*

- Solución á sopa de letras entregada ao alumnado de sexto de educación primaria.

- Enquisa de avaliación para o profesorado titor.

## *Outros materiais empregados*

Ademais dos materiais elaborados, empregáronse tamén os seguintes recursos didácticos:

- “El sueño imposible”: Curtametraxe das Nacións Unidas e Kratky Films de Praga, dirixido por Dagmar Doubkova, baseado nun conto e guión orixinal de Tina Jorgenson . Ten unha duración total de sete minutos e trinta e seis segundos, distribuídas en dúas partes. A primeira é de tres minutos e cincuenta e nove segundos, a segunda é de tres minutos e trinta e sete segundos. A curtametraxe obtívose a través do portal http://es.youtube.com/ .

- “Ayudemos a Blancanieves", de Rocío Antón e Lola Núñez, con ilustracións de María Rius, e publicado por Edicións SM (2007).

- "Elenita", de Campbell Geeslin, ilustrado por Ana Juan, e publicado por Editorial Kókinos (2006).

- “O segredo de Cristina", de Pasqual Alapont, con debuxos de Alberto Botella, e publicado por Edicións Xerais (2004).

- “Unha manchea de bicos", de Antonia Rodenas, con ilustracións de Carme Solé, editado polo grupo Anaya (2002).

## *Agasallos*

Na última sesión con cada grupo, a modo de remate do programa, entregábaselle a cada nena e neno un agasallo da Concellería de Igualdade, a modo de reforzo pola súa participación.

Estes agasallos consistían en: chiflos, pinturas, e cadernos para o segundo ciclo de educación infantil; e bolsas porta-CDs para o sexto curso de educación primaria.

## *Información aos medios*

O día 30 de xaneiro a concelleira de Igualdade, Iolanda Veloso, presentou o programa aos medios de comunicación da cidade en rolda de prensa, explicando os obxectivos do programa, a metodoloxía a empregar, e os destinatarios do mesmo.

O día 17 de xuño a concelleira de Igualdade clausurou no CEIP "O Pombal" a terceira edición do programa.

# *Implementación*

Os obradoiros deseñados leváronse a cabo entre o 8 de xaneiro e o 19 de xuño de 2008.

Como se explicou no apartado “destinatarios” neste período visitáronse 29 centros, realizando neles entre un e catro obradoiros, segundo o solicitado.

Traballouse cun total de 2261 alumnas e alumnos, aos que, na última sesión se lles entregaron uns agasallos a modo de reforzo pola súa participación no programa.

## *Implementación do programa en educación infantil:*

Acudiuse a 28 centros educativos, tanto centros de educación infantil e primaria, como escolas de educación infantil, atendendo a un total de 1937 alumnas e alumnos, e colaborando con 107 titoras e titores, e co profesorado de apoio.

Para desenvolver os distintos obradoiros de xeito que o alumnado puidera relacionalos entre si, utilizouse “O libro da igualdade”, que serviu de fío condutor das distintas actividades. Este libro tivo boa acollida, tanto polo profesorado como polo alumnado.

Ao rematar os obradoiros, entregóuselle a cada mestra e mestre unha enquisa de avaliación anónima e voluntaria. O 52’34% do profesorado cubriu dita enquisa, o que nos permite ter en conta as súas opinións para avaliar a nosa práctica. Desafortunadamente, só un 44’6% do profesorado que cubriu as enquisas estivo presente durante o desenvolvemento das sesións.

Leváronse a cabo catro obradoiros, cunha duración de entre 45 minutos e unha hora, axustándose ao horario do centro.

A orde das actividades dentro de cada obradoiro variaba en función das reaccións dos nenos e nenas, e da duración da sesión.

## *Obradoiro 1: familia e corresponsabilidade.*

Implementouse en 28 centros, cun total de 1937 alumnas e alumnas.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**

•As educadoras preséntanse ante a clase, e deixan que cada nena e neno se presente, a continuación se lles pon un adhesivoco seu nome.
•As educadoras ensínanlles un maletín, e se lles pregunta que pensan que hai dentro. Dánse pistas ata que chegan á idea de libro ou conto. Nese momento ábrese o maletín e sácase o libro da igualdade, presentándoo como un libro xigante e máxico.
•Introdúcense tamén as figuras da escritora e do escritor, como autora e autor que realizaran o libro traballando en equipo..

**Igualdade**

•A partir do nome do libro fálase de que é a igualdade, preguntándolles se nenas e nenos son iguais. Inténtase que razoen as respostas. A modo de pista díselle que examinen o propio corpo e o das compañeiras e compañeiros.

**Familia**

•Analízanse debuxos de distintos modelos de familias identificando ás diferentes persoas.
•Pídeselle ao alumnado que debuxe á súa familia.

**Corresponsabilidade**

•Con apoio gráfico, cóntaselles ás nenas e nenos a historia de dúas casas. Nelas viven dez persoas pero só unha se encarga das tarefas doméstica (un home nunha casa e unha muller na outra), e por iso están cansos e son infelices.
•Cóntaselles tamen a historia dunha terceira casa, na que os habitantes cooperan nas tarefas traballando en equipo, e teñen tempo para o ocio, e son felices.
•Por último, pregúntaselles en que casa preferirían vivir.

**Obxectos**

•En asemblea, e a partir de fichas con distintos obxectos (tixola, trade, aspirador, serra...), o alumnado reflexiona sobre como están distribuídas as tarefas na súa casa.
•O primeiro paso é representar, a través da mímica, o uso dos obxectos. A continuación, pregúntaselles quen o usa na casa, e se o pode usar outra persoa.

**Conto**

•Lectura e comentario do conto: "Ayudemos a Blancanieves", de Rocío Antón e Lola Núñez, con ilustracións de María Rius, e publicado por Edicións SM (2007)

**Quebracabezas**

•En grupos de seis, realizan quebracabezas de seis pezas, baseados nas ilustracións do libro "¿Quen o fai? As tarefas da casa", realizado polo Colectivo Infesta, e editado por Sotelo Blanco Edicións (1997)

## *Observacións*

O noso obxectivo para este obradoiro era romper os estereotipos de xénero no ámbito familiar, e fomentar a corresponsabilidade na familia. Estes obxectivos xa estiveron presentes en anos anteriores do programa, e, baseándose no observado, cremos que se debería seguir insistindo no tema.

Os estereotipos transmitidos polas familias son asumidos sen ningún tipo de cuestión polas nenas e nenos, e pasan a formar parte dos seus esquemas mentais. Estes esquemas adquiridos a idades tan temperás son moi difíciles de eliminar ou modificar, sobre todo cando se ven reforzados continuamente polos contos infantís, os debuxos animados, os xoguetes, etc. É destacable o traballo diario das mestras e mestres, e a influenza positiva do alumnado cuxas familias non se corresponden co estereotipo, que é unha minoría crecente.

O alumnado procede de distintos modelos de familias, pero a pesar disto segue presente a idea de que a familia está formada por pai, nai, e un ou dous fillos ou fillas. Neste senso, destacan os casos de moitas nenas e nenos que atopaban difícil describir a súa situación familiar, nos casos de divorcios e novos emparellamentos da nai e/ou do pai.

*Pequenos apuntes sobre as actividades:*

- Na actividade “igualdade” a maioría das nenas e nenos consideran que as principais diferenzas son o pelo curto nos nenos, as saias nas nenas, e as cores (especialmente o rosa para nenas). É significativo que incluso nenas con pelo curto, e nenos con prendas rosas, asumen esas diferenzas. En todas as clases algunha nena ou neno defende a idea de que os dous sexos poden levar calquera peiteado, cor, xogo,… e o fai baseándose en exemplos da súa vida cotiá.

- Na actividade “familia” descartouse o debuxo da familia tras as primeiras sesións, por requirir demasiado tempo, e non contribuír significativamente ao desenvolvemento do programa.

- Na actividade “obxectos” puidemos apreciar que na maioría das casas segue a existir un reparto de tarefas tradicional, que vai creando estereotipos nos cativos e cativas. Moitos, na busca de explicacións ás diferenzas

no reparto de tarefas na súa casa, conclúen que as nais son débiles, que os pais son vagos, que non poden aprender… Tamén destaca unha minoría crecente que describe como na súas casas se produce un auténtico reparto equitativo de tarefas

Nas enquisas cubertas polo profesorado, neste obradoiro destacan a presentación do libro da igualdade, material didáctico atractivo e motivante para o alumnado; e o xogo dos obxectos, que en moitos casos lles permitiu ter acceso a certas ideas do seu alumnado que descoñecían. Esta foi tamén unha das actividades nas que as mestras e mestres máis participaron, explorando a través de preguntas as ideas do seu alumnado.

Os quebracabezas resultaban algo complexos para o alumnado de tres anos (4º de educación infantil), máis non así para os outros niveis.

Varias mestras comparten a idea de que a actividade familia, trata dun tema demasiado complexo nestas idades para ser tocado de forma tan breve, e cren que requiriría de máis tempo, para ser tratado en profundidade coas nenas e nenos en asemblea.

### *Obradoiro 2: traballo*

Implementouse en 24 centros, cun total de 1771 alumnas e alumnos.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**

•As educadoras presèntanse ante a clase.
•A continuación ensínanlles o maletín, e lles pregúntanlles que había dentro. Recórdase o visto na sesión anterior, e vólvese abrir o libro da igualdade.

**Escola ou traballo**

•Utilízase este xogo a modo de presentación.
•Pártese de tres edificios: unha casa, unha escola, e un "traballo". A casa está chea de figuras de mulleres, homes, nenas, e nenos (dous máis que o número de alumnas e alumnos). Cada nena ou neno di o seu nome, entón recibe unha das figuras, e ten que decidir se a coloca na escola ou no traballo.

**Onde traballo?**

•Preséntanse figuras de traballadoras e traballadores con distintos uniformes. A continuación vanse ensinando fotografías de lugares de traballo diferentes, e cada alumna e alumno teñen que colocar a unha persoa no seu lugar de traballo: laboratorio, quirófano, aula, avión, e campo de fútbol.

**Dominó**

•Realízase un dominó xigante de profesións, no que o alumnado ten que unir á muller e ao home que teñen a mesma profesión. En función do número de nenas e nenos, cada un e cada unha pode ter unha ficha, varias, ou, nos grupos grandes, xogar por equipos.

**Conto**

•Narración e comentario do conto: "Elenita", de Campbell Geeslin, ilustrado por Ana Juan, e publicado por Editorial Kókinos (2006)

## *Observacións*

O alumnado de infantil acepta como algo normal que as mulleres adultas traballen, xa que no seu contorno a maioría o fan; e os traballos das e dos adultos que os rodean son moi variados.

A pesar disto, hai estereotipos presentes e moi arraigados, sobre todo cando falan da profesión que lles gustaría desempeñar, xa que optan por opcións fantasiosas e estereotipadas. Moitas das nenas, pese a que saben que de maiores poden desempeñar todo tipo de profesións, e a coñecer a mulleres mestras, doutoras, traballadoras de Citröen,… queren ser sereas, princesas... Isto repítese nos nenos, que queren ser futbolistas, superheroes, etc.

Neste obradoiro tamén puidemos apreciar a enorme influencia que ten a televisión nas cativas e cativos, xa que de case todas as profesións que falamos, tiñan como referencia algunha personaxe televisiva, e, en moitos casos, ditas personaxes non procedían de programas infantís.

Pequenos apuntes sobre as actividades:

- Na actividade “Onde traballo?”, todas as profesións escollidas son ben aceptadas polo alumnado para os dous sexos, excepto a de futbolista, que, para moitos, é exclusiva de homes. Isto é notable porque en todas as aulas hai nenas que xogan ao fútbol.

- A actividade "Dominó da igualdade", tras as primeiras sesións, deixou de aplicarse en 4º curso de educación infantil, xa que este alumnado precisa de máis tempo para realizar as outras actividades, e o dominó resultáballes excesivamente complexo.

Este obradoiro é o que máis gustou ao profesorado, tanto de forma xeral como as súas actividades de forma independente; xa que é moi participativo e dinámico. O conto escollido para este obradoiro é, tamén, o conto preferido polo profesorado dos catro utilizados no programa.

Pola contra, dúas mestras consideran o dominó da igualdade como a actividade que menos lles gustou.

### *Obradoiro 3: mulleres*

Implementouse en 21 centros, cun total de 1589 alumnas e alumnos.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**

•As educadoras preséntanse ante a clase, e colócanlle a cada nena e neno un adhesivo co seu nome.
•A continuación ensínanlles o maletín, e pregúntaselles que hai dentro. Recórdase o visto nas sesións anteriores, e vólvese abrir o libro da igualdade.
•Comentámoslles que imos falar sobre a televisión, e deixamos que falen dos seus programas favoritos.

**Librería**

•Presentámoslles un armario, dentro do cal hai dous libros con imaxes de personaxes de dúas series de televisión: "Caillou", e "As Supernenas". A través de preguntas, analizamos as dúas series, centrándonos naqueles aspectos que rompen os estereotipos de xénero (a nai de Caillou traballa, Caillou coida á súa irmá, as supernenas son superheroínas fortes e valentes...)

**Televisión**

•A través dun televisor con catro canles temáticas, preséntaselles a historia de catro mulleres: Mary Red (pirata), Amelia Earhart (aviadora), Valentina Tereshkova (astronauta), e Frida Kahlo (pintora).

**Libro de profesións**

•Cada alumna e alumno escolle unha das profesións vistas, puidendo ser: pirata, piloto, astronauta, ou pintor ou pintora.
•A continuación debúxanse a elas e eles mesmos desempeñando a "profesión" elixida.
•Con tódos os debuxos créase un libro, que queda na clase.

**Conto**

•Lectura e comentario do conto: "O segredo de Cristina", de Pasqual Alapont, con debuxos de Alberto Botella, e publicado por Edicións Xerais (2004)

## *Observacións*

Neste obradoiro un dos nosos obxectivos era presentarlles ao alumnado modelos femininos non estereotipados, tanto reais como ficticios. Isto permitiunos observar como a maioría asocia sen problemas valores tradicionalmente masculinos como: forza, velocidade,… a personaxes femininas.

A televisión é parte fundamental da vida de moitas nenas e nenos, e en moitos casos constitúe o centro do seu ocio. Ten un efecto motivante e positivo para o alumnado, o que se aproveita para presentarlles contidos teóricos.

De todos modos, tras a aplicación deste obradoiro, ambas pedagogas consideramos que, a pesar de intentar presentar os contidos de forma lúdica e participativa, resulta excesivamente teórico, idea tamén compartida polo profesorado, e requiriría modificacións para unha posterior aplicación.

Pequenos apuntes sobre as actividades:

- A actividade "Librería" permitiunos ver a influencia dos estereotipos na forma que teñen as nenas e nenos de interpretar a realidade: algúns nenos describían á supernena "Cacto" como con máis forza, máis intelixencia, e máis rapidez que as outras dúas, pero tamén sostiñan que "Cacto" era un neno, e non unha nena.

- Na actividade "Televisión", o alumnado establecía relacións directas entre as mulleres que presentabamos e os modelos masculinos que coñecían. En case todos os colexios estableceron a relación entre Frida Kahlo e Picasso, por ser este o seu modelo de pintor, xa que forma parte do currículo de educación infantil; e tamén foi frecuente a identificación de Mary Red con Jack Sparrow.

- Na actividade “Libro de profesións” as nenas escollían calquera das catro profesións, sendo as máis escollidas as de pirata e as de pintoras; os nenos pola súa parte preferían a de pirata e a de astronauta, e unha minoría pouco significativa optou por ser pintor.

A pesar da parte teórica, a actividade “libro de profesións” é a favorita do profesorado cuxo alumnado participou neste obradoiro, xa que lles permitía traballar de forma cooperativa, e crear algo en conxunto que quedaría na aula. Varias mestras comentáronnos que seguiron traballando o tema noutras sesións partindo do libro.

## *Obradoiro 4: afectividade*

Implementouse en 11 centros, cun total de 919 alumnas e alumnos.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**

•As educadoras preséntanse ante a clase. Colocanlle a cada nena e neno un adhesivo co seu nome.
•A continuación ensínanlles o maletín, e pregúntaselles que hai dentro. Recórdase o visto nas sesións anteriores, e vólvese abrir o libro da igualdade.

**Caras**

•Empézase xogando coa propia cara, poñendo distintas expresións en función das situacións descritas polas pedagogas.
•Partindo dunha cara baleira, e dun conxunto de ollos e bocas, analizamos as expresións faciais. Para isto cóntaselle ao alumnado unha situación, e teñen que decidir que se sinte nesa situación, e formar a expresión adecuada.

**Como me sinto?**

•Nesta ocasión partimos de fotos, e as nenas e nenos teñen que identificar as emocións nos rostros e, en función do que se ve na imaxe, imaxinar que provoca esa emoción.

**Cadeiras cooperativas**

•Este xogo é unha versión do clásico xogo das cadeiras, coa diferenza de que, inda que se van quitando cadeiras, todo o grupo perde se alguén non ten sitio onde se sentar.

**Conto**

•Lectura e comentario do conto: "Unha manchea de bicos", de Antonia Rodenas, con ilustracións de Carme Solé, editado polo grupo Anaya (2002).

## Observacións

O desenvolvemento da afectividade e a socialización é un dos obxectivos principais da educación infantil, e as nenas e nenos de 5º e 6º desta etapa xa coñecían os contidos tratados neste obradoiro. Tal vez a causa disto é especialmente chocante a diferenza entre o que din coñecer e o que fan. Verbalmente rexeitan a agresividade, e din que se debe xogar todos xuntos, compartir, non pegar,… pero teñen un forte sentido da propiedade, cústalles compartir o material (as pinturas, as gomas de borrar,…), e amosan condutas como empurróns, berros, pelexas,… que forman parte do seu xeito habitual de interactuar coas compañeiras e compañeiros.

Pequenos apuntes sobre as actividades:

- Na actividade “Caras” case todo o alumnado mostrou un dominio das expresións faciais, incluídas as nenas e nenos de tres anos. Recoñecían sen problemas os sentimentos, as expresións deses sentimentos, e identificaban as situacións que causaban ditas emocións.

- A actividade “Cadeiras cooperativas” chamou moito a atención das nenas e nenos. Tras unhas primeiras roldas de proba, para entender as instrucións, todos/as participaron. Por desgraza, este xogo non se puido levar a cabo na maioría dos grupos, debido á falta de tempo, ou á falta de espazo nas aulas.

O profesorado valorou positivamente as actividades desenvolvidas neste obradoiro.

## Implementación do programa en educación primaria:

Desenvolveuse en 15 centros educativos, tanto centros de educación infantil e primaria, como centros de educación primaria, atendendo a un total de 324 alumnas e alumnos, e colaborando con 22 titoras e titores, e co profesorado de apoio.

Ao rematar os obradoiros, entregóuselle a cada mestra e mestre, e a cada alumna e alumno, unha enquisa de avaliación anónima e voluntaria.

O 45’45% do profesorado cubriu dita enquisa, e o 50% dese profesorado estivo presente nas catro sesións, o que nos permite ter en conta as súas opinións para avaliar a nosa práctica. Por desgraza, o profesorado desta etapa apenas fixo comentarios sobre as actividades, e limitouse a valorar cuantitativamente os obradoiros no seu conxunto.

O 45'68% do alumnado cubriu a enquisa, facéndoo na maioría dos casos de forma exhaustiva, o que nos permite coñecer as súas opinións sobre os obradoiros realizados.

## *Obradoiro 1: igualdade.*

Implementouse en 15 centros, cun total de 324 alumnas e alumnos.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**

•As educadoras preséntanse ante a clase, e deixan que cada nena e neno se presente. Repártense etiquetas para que se poñan o nome.

•Preséntase o programa, explicando o número de días que se vai acudir ao centro, e que tema se vai tratar cada dia.

**Mulleres e Homes**

•En grupos homoxéneos por sexo, o alumnado ten que listar as características definitorias de homes e mulleres. Tras dez minutos, realízase unha posta en común, e as educadoras anotan as respostas no encerado.

**Sexo e xénero**

•Dúas alumnas ou alumnos voluntarios len as definicións de sexo e xénero, e discútense en gran grupo.

•Sepáranse as características escritas no encerado en función de se corresponden ao xénero ou ao sexo.

**Persoa**

•Nunha cartolina coa palabra persoa, o alumnado pega tiras de papel de cores con características comúns de homes e mulleres.

**Espazo de igualdade**

•Nun lugar da aula ben visible colócanse as palabras e conceptos chave utilizados na sesión, e o material creado polo alumnado; identificando dito sitio coma "espazo da igualdade", e explicando que ese sitio seguiría a crecer.

## *Observacións*

Neste primeiro obradoiro percibimos as diferenzas que hai entre os distintos grupos de 6º de educación primaria, en canto a coñecementos previos, actitude, comportamento,…

Pequenos apuntes sobre as actividades:

- Na "Presentación" o alumnado mostrouse pouco interesado no terceiro obradoiro, rexeitándoo por ser de "historia".
- Na actividade "Mulleres e homes", foi frecuente que, na fase de posta en común, as e os voceiros se mostraran reticentes a dicir en voz alta o que escribira o grupo. Debido a estar o alumnado na preadolescencia, toda a sesión estivo rodeada de risas nerviosas, sobre todo á hora de falar das diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes.
- A actividade "Persoa" tivo resultados moi diversos en función da aula, atopándonos con grupos nos que cada alumna e alumno engadía como mínimo tres características comúns, e outros grupos onde non todo o alumnado engadiu algunha característica.

Unha parte significativa do profesorado tamén participou no obradoiro, facilitando o noso traballo, e mostrándose receptivo ante a actividade complementaria proposta.

En xeral, o alumnado recibiu o programa cunha actitude positiva, mostrándose interesado e participativo. As súas avaliacións cara este obradoiro son moi variadas. Un 22’97% do alumnado escolleu este obradoiro coma o seu favorito, xa que lles permitía traballar en grupo, falar, crear un mural que quedaría na clase, e, en xeral, considérano divertido. En cambio, un 21’62% do alumnado escolleuno como o obradoiro que menos lle gustou, na maioría dos casos por provocar controversia de ideas e discusións ao traballar en grupo, e sobre todo, ao debater en gran grupo.

Dos catro obradoiros é o que obtivo menor puntuación tanto en contidos, actividades, materiais, e aprendizaxes, obtendo unha media de 3’77 sobre 5.

## *Obradoiro 2: corresponsabilidade*

Implementouse en 15 centros, cun total de 324 alumnas e alumnos.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**

- As educadoras preséntanse ante a clase. Repártense etiquetas para que se poñan o nome.
- Repásase brevemente o visto na primeira sesión.

**Diario de tarefas**

- Tras comentar unha imaxe en gran grupo, a través dunha presentación en formato dixital, as educadoras reparten ao alumnado unha folla de cores por cada persoa que vive na súa casa (contándose a elas e eles mesmos), indicándolles previamente que anotaran nelas qué fai cada quén cando está na casa. Deste xeito constrúen o seu diario de tarefas.

**Video forum**

- Proxección e comentario da curtametraxe animada "El sueño imposible", realizado por Nacións Unidas e Kratky Films de Praga, dirixida por Dagmar Doubkova, baseado nun conto e guión orixinal de Tina Jorgenson.

**Contrato**

- Tras ler as reflexións presentes na contraportada do libro de tarefas, e analizar a forma na que se reparten as tarefas na súa casa, o alumnado cubre un contrato no que se compromete consigo a contribuír á corresponsabilidade na casa, encargándose de tres novas tarefas.

**Expresións**

- Mediante outra diapositiva da presentación dixital, partindo de frases que perpetúan o estereotipo negativo, búscanse as oracións correctas dende o punto de vista da corresponsabilidade.

## *Observacións*

O alumnado de 6º de educación primaria móstrase receptivo ante o uso dos medios informáticos, xa que en moitos casos iso implica saír da aula ordinaria, e asócianо máis a divertimento que a aprendizaxe.

A realización do diario de tarefas non se puido rematar en varios casos debido, entre outras razóns, á falta de tempo. Aqueles alumnos e alumnas pertencentes a familias extensas, con máis de cinco persoas vivindo no mesmo fogar, non puideron rematar a tarefa, pero en moitos casos mostraron interese por rematala na casa. No caso do alumnado cuxos pais viven separados, moitos optaron por facer dous cadernos de tarefas independentes.

É salientable o feito de que tamén nestas idades, algunhas alumnas e alumnos tiñan problemas para falar das súas familias, ao non dispoñer dun vocabulario adecuado ás novas realidades sociais. Po-la outra banda, termos como "o compañeiro da miña nai", "a parella do meu pai"… eran recibidos con risas por parte da clase cando alguén os usaba.

*Pequenos apuntes sobre as actividades:*

- A actividade "Diario de tarefas", ademais de cumprir o seu obxectivo primario, permitiunos observar a existencia ou non de estereotipos con respecto ás cores no alumnado, e puidemos apreciar que, se ben tanto nenas como nenos tiñan as súas cores favoritas, estas eran moi variadas, e non se produciu rexeitamento con respecto a ningunha cor. Sobre a actividade en si, moitos mostrábanse desconfiados ante a nosa afirmación de que o contido era persoal, e non o iamos comentar.

- A actividade "Vídeo forum" non se puido levar a cabo con todos os grupos debido a problemas cos equipos informáticos ou á non dispoñibilidade dos mesmos. Nestes casos deixámoslles ao alumnado e profesorado titor a referencia do vídeo(xa que está dispoñible no portal http://es.youtube.com/)para que o miraran. Todos os grupos nos que pasou isto miraron o vídeo, e comentárono ao comezo do terceiro obradoiro.

Este segundo obradoiro foi o favorito de mestras e mestres baseándonos no exposto nas enquisas, pero este dato non se pode considerar significativo, xa que só catro persoas opinaron sobre a actividade que máis lles gustou. Un dato indicativo da boa aceptación por parte do profesorado é o caso dunha mestra que nos pediu o material para realizar o "diario de tarefas" coa súa filla na casa.

Con respecto ao alumnado, o 24'32% escolleu este obradoiro como o seu favorito, mentres que só un 16'22% escolleuno como o que menos lle gustaba. A curtametraxe proxectada estivo, curiosamente, entre as actividades mellor e peor valoradas, puntuando positivamente o seu contido e o feito mesmo de visionar un vídeo, e negativamente a calidade visual do mesmo.

O obradoiro obtivo unha puntuación de 3'84 sobre 5, sendo o terceiro mellor valorado.

## Obradoiro 3: mulleres na historia

Implementouse en 11 centros, cun total de 265 alumnas e alumnos.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**

- As educadoras preséntanse ante a clase. Repártense etiquetas para que se poñan o nome.
- Repásase brevemente o visto nas sesións anteriores.

**Adiviñas**

- A través dunha presentación en formato dixital, resólvense dúas adiviñas nas que a chave está en romper os estereotipos de xénero

**As mulleres na historia**

- Mediante unha presentación dixital, repásase o papel das mulleres nas distintas etapas históricas, dende a prehistoria ata a actualidade.

**Xogo dos sobres**

- Pártese de seis sobres, dentro de cada un hai dúas biografías, a dunha muller e a dun home que comparten profesión, e das que se eliminou calquera referencia ao sexo da persoa. O alumnado ten que adiviñar cal é a muller e cal o home.

**Sopa de letras**

- Entrégase a cada alumna e alumno unha sopa de letras que contén todos os nomes das mulleres presentes nas diapositivas, e déixaselle ao profesorado a solución.

### *Observacións*

Moitos dos contidos deste obradoiro sorprenderon ao alumnado. Non pensaran na falla de liberdade doutras etapas históricas e custáballes entender que as mulleres, por exemplo, non puidesen votar.

O profesorado mostrouse interesado polo obradoiro e en varios casos participou nos xogos coma se fora un alumno ou alumna máis.

Pequenos apuntes sobre as actividades:

- As dúas “Adiviñas” resultaron complexas para o alumnado. En todos os grupos algunha alumna ou alumno resolvíaas, pero tiña que explicarlle a solución ás compañeiras e compañeiros de forma detallada. En dous colexios xa coñecían as adiviñas, xa que as usaran nalgunha materia.

- O “xogo dos sobres” foi ben recibido e, a pesar das amplas biografías que nos levou a usar un máximo de tres sobres con cada grupo, o alumnado quería seguir co xogo e usar todos os sobres.

O alumnado, pola súa parte, considerou que este era o obradoiro cos contidos máis interesantes (4’11 sobre 5), e no que máis aprendeu (4’01 sobre 5), recibindo o obradoiro no seu conxunto unha puntuación de 4’04.

Consecuentemente con isto, o 24’32% do alumnado escolleu este obradoiro como o seu favorito, e o fai baseándose no interese dos contidos explicados, na claridade da presentación e nos xogos, especialmente o xogo dos sobres. A pesar de ser a mesma porcentaxe que no obradoiro anterior, debemos ter en conta que neste obradoiro participaron 59 alumnos e alumnas menos que no anterior.

Só un 13’51% do alumnado considera este obradoiro como o que menos lle gusta, por parecerlle demasiado denso e, nalgúns casos, aburrido. Un alto porcentaxe do alumnado que valora o taller de forma negativa, faino baseándose en que “é de historia”.

## *Obradoiro 4: afectividade*

Implementouse en 4 centros, cun total de 71 alumnas e alumnos.

As actividades que se levaron a cabo foron:

**Presentación**
- As educadoras preséntanse ante a clase. Repártense etiquetas para que se poñan o nome.
- Repásase brevemente o visto nas sesións anteriores.

**Sentimentos**
- Mediante unha presentación en formato dixital, explícase como xestionar os propios sentimentos

**Mostrémonos afecto!**
- Pégase un folio na espalda de cada alumna e alumno e toda a clase ten que escribir algo positivo desa persoa no folio.

**Relacións**
- Mediante unha presentación dixital, fálase das diferenzas entre as relacións sas e as daniñas.
- Dentro da presentación inclúese unha pequena obra de teatro, a representar por unha alumna e un alumno, sobre a resolución de conflitos nunha parella adolescente.

**Violencia de xénero**
- Mediante unha presentación dixital, fálase brevemente da violencia de xénero.
- Remátase coa escoita e comentario da canción "María se bebe las calles", de Pasión Vega.

## *Observacións*

Só catro centros solicitaron os catro obradoiros para 6º de educación primaria. Polo tanto, as nosas impresións sobre este obradoiro baséanse nunha mostra moi pequena. Tendo isto en conta, o alumnado divertiuse moito e se mostrou moi participativo, tanto para contestar ás nosas preguntas, como para "actuar" na pequena obra de teatro.

Pequenos apuntes sobre as actividades:

- A actividade "Mostrémonos afecto!", foi ben recibida polo alumnado, a pesar de que en ningunha das cinco aulas nas que se levou a cabo contamos co espazo axeitado para realizala. A pesar da incomodidade física, a actividade foi das favoritas daqueles que participaron nela.

- As presentacións "Sentimentos" e "Relacións" resultaron chocantes para o alumnado que, baseándose no título, esperaba unha sesión sobre sexualidade. Tras o choque inicial, e a aclaración da temática, o obradoiro desenvolveuse sen problemas.

Este obradoiro foi o favorito do 12'84% do alumnado, pero hai que ter en conta que só un 22% das alumnas e alumnos participaron nel. Entre as razóns destacan o interese da temática, a breve obra de teatro, e a actividade "mostrémonos afecto!", que lles permitiu coñecérense mellor a elas e eles mesmos e aos demais.

O obradoiro destaca por ser o mellor valorado en canto a actividades realizadas (4'24 sobre 5) e a materiais empregados (4'24 sobre 5), sendo a valoración media do obradoiro un 4'10.

# *Avaliación*

Un apartado básico en calquera programa é a avaliación, xa que nos dá ferramentas para poder valorar o desenvolvemento do mesmo e ver se se acadaron os obxectivos perseguidos.

Para este programa concreto podemos identificar tres momentos fundamentais na avaliación:

## *Avaliación inicial:*

Realizouse no mes de novembro e consistiu na análise das memorias das edicións anteriores e na revisión do material elaborado polas pedagogas que deseñaron e implementaron o programa nesas edicións, co obxectivo de que tivera continuidade e coherencia.

## *Avaliación procesual:*

Durante a implementación dos obradoiros, e a través da observación e as conversas informais co profesorado e co alumnado, as pedagogas foron axustando a programación inicial ás necesidades reais dos centros e do alumnado.

Deste xeito optouse por alterar a orde das actividades de certos obradoiros, alongar os tempos de certas actividades, acurtar os doutras e eliminar aquelas consideras pouco axeitadas. Os obradoiros que máis modificacións sufriron foron os destinados ao alumnado de 3 anos (4º de educación infantil).

Esta avaliación tamén serviu para ver a idoneidade dos materiais didácticos empregados. Nalgúns casos, por exemplo o dominó ou os quebracabezas, tivéronse que refacer xa que o material elixido inicialmente polo seu aspecto atractivo e a súa ductilidade (goma EVA) tivo que ser substituído por un material máis resistente (cartón ríxido plastificado) para aguantar o uso continuado do alumnado.

## *Avaliación final:*

Para realizar a avaliación final, ademais da observación e das conversas informais co profesorado e o alumnado, creáronse dúas enquisas de avaliación, unha destinada aos mestres e mestras e outra destinada ao alumnado de 6º de educación primaria.

- o 52’34% do profesorado de educación infantil cubriu a enquisa, pero só un 44’6% do profesorado que a cubriu estivo presente durante o desenvolvemento das sesións.
- o 45’45% do profesorado de educación primaria cubriu a enquisa, e o 50% dese profesorado estivo presente nas catro sesións.
- o 45’68% do alumnado cubriu a enquisa, facéndoo na maioría dos casos de forma exhaustiva.

As valoracións do profesorado sobre a actuación das pedagogas aparece reflectida no seguinte gráfico, no que se recollen as súas opinións sobre se os contidos eran axeitados para o alumnado, se o material estaba adaptado ás características do alumnado, o nivel de coñecementos das pedagogas, a metodoloxía empregada, e a actitude durante o desenvolvemento dos obradoiros:




A valoración do alumnado sobre o traballo das pedagogas pode verse no seguinte gráfico:



A valoración do alumnado sobre os contidos tratados, as actividades realizadas, os materiais utilizados e as aprendizaxes acadadas nos obradoiros aparecen recollidas no seguinte gráfico:




O rango de puntuación abarcaba de 1 a 5 puntos, o que nos leva a unha valoración positiva tanto do traballo das pedagogas coma do desenvolvemento dos obradoiros.

Con respecto ao alumnado de sexto de educación primaria, apréciase como valoran cada obradoiro mellor que o anterior, podendo extraer a conclusión de que as pedagogas tamén realizaron o seu propio proceso de aprendizaxe, adaptándose á realidade dos distintos centros.

Con respecto á consecución dos obxectivos propostos[1], o profesorado opina o seguinte:




1 *Pódense ler os obxectivos completos nas enquisas de avaliación, recollidas nos anexos.*




Os obxectivos do programa son moi amplos e a súa consecución require anos de traballo conxunto entre as familias, os centros e as Administracións, tanto locais como comunitarias e estatais.

Por tanto, entendemos que estas valoracións positivas, non implican a consecución dos mesmos, senón o recoñecemento de que o programa foi unha achega positiva que contribúe ao seu logro.

## *Conclusións*

Valorar o traballo realizado nestes nove meses é unha tarefa ardua, debido sobre todo aos moitos factores a ter en conta. A pesar desta dificultade, a sensación xeral con respecto ao programa é positiva, xa que nos serviu para aprender e mellorar, como profesionais e como persoas.

Esta terceira edición do programa "Camiña con Nós pola Igualdade" baséase no traballo realizado polas nosas compañeiras pedagogas nos anos anteriores, traballo que, nos consta a través tanto das súas memorias coma dos comentarios do profesorado e do alumnado, foi moi bo e cumpriu en boa medida cos obxectivos propostos.

Desta forma e grazas en parte ao "boca-orella" que tivo lugar entre o profesorado, pasouse dunha primeira edición con apenas vinte centros, a contar con vinte e nove na segunda edición, o que constitúe un 54'72% do total de centros educativos de segundo ciclo de educación infantil e/ou educación primaria da cidade.

Nesta terceira edición participaron tamén vinte e nove centros, vinte e tres dos cales xa participaran na segunda edición. Tamén é importante resaltar que catorce participaron nas tres edicións realizadas ata o de agora, e mostran interese por seguir co programa.

A boa acollida ao programa nos centros compleméntase cun forte interese pola coeducación, o que se reflicte no día a día en detalles como a cartelería non sexista (sala do profesorado ou claustro en vez de sala de profesores, dirección en vez de director…), aparecendo recollidas a coeducación e a non discriminación por sexos no Proxecto Educativo do centro, como uns dos sinais educativos do mesmo.

O profesorado está moi motivado, sendo consciente da necesidade de eliminar estereotipos e diferenzas entre as nenas e os nenos, como paso fundamental e necesario para acadar unha sociedade máis igualitaria e previr a violencia

de xénero. En moitos casos, a coeducación forma parte das súas prácticas diarias e está recollida na programación de aula.

Gran parte das mestras e mestres preparaban ao seu alumnado cara ás sesións, o que facilitaba o noso traballo. Máis da metade do profesorado optou por non estar presente durante o desenvolvemento dos obradoiros; e outros, por algunha razón que descoñecemos, moitos pensaban que non podían permanecer na aula durante o mesmo. Unha vez aclarado este tema optaron por quedar, participando no obradoiro e continuando a traballar os contidos co seu alumnado baseándose no realizado.

Dicir tamén que para moitas mestras e mestres os obradoiros foron unha sorpresa positiva, xa que era a primeira vez que participaban e temían que o material non estivese adaptado ao alumando, sobre todo en educación infantil.

Ao igual que lles pasou ás nosas compañeiras nas edicións anteriores, atopámonos co problema de non poder establecer relacións directas co profesorado dos grupos cos que traballábamos. A comunicación establecíase co centro, con xefatura de estudos, dirección, ou coordinación de actividades extraescolares, e nalgúns casos (por sorte, unha minoría) o profesorado non posuía información sobre o programa.

O alumnado tamén respondeu con interese cara ao programa. Ao igual que destacaban as nosas compañeiras, é de agradecer a labor do profesorado na preparación das alumnas e alumnos para as actividades, informándoos sobre as mesmas, dándolles importancia e animando ao bo comportamento.

O alumnado do segundo ciclo de educación infantil mostrouse curioso e expectante ante as actividades que íamos desenvolver, participou activamente nas mesmas e o seu comportamento en xeral foi o adecuado. É necesario destacar o moito que inflúe no comportamento o día no que se leva a cabo o obradoiro, empeorando este notablemente nos días inmediatamente anteriores e posteriores ás pontes, vacacións, festas, etc.

As alumnas e alumnos que participaron nas pasadas edicións, asociáronnos rapidamente coas "profes do ano pasado". O seu bo recordo delas fixo que a súa actitude fose positiva, e facilitou o noso traballo.

Con respecto ao alumnado de sexto de educación primaria, é necesario destacar a enorme heteroxeneidade existente entre os grupos, en actitude, interese, comportamento, e coñecementos previos. Inda que nos sorprendeu que algúns dos grupos máis "reticentes", foron aumentando o seu interese con cada obradoiro, o que se viu reflectido na seu comportamento. En xeral, as alumnas e alumnos mostráronse interesados na temática e moi participativos, e, polo que podemos extraer das avaliacións, a experiencia foi positiva para eles e elas.

## *Luces e sombras:*

Grazas a este programa, os centros educativos de educación infantil e primaria puideron traballar dunha forma específica a igualdade nos ámbitos familiar, escolar e social, contribuíndo positivamente a aceptar as diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes e a eliminar os estereotipos por razón de sexos.

A medida que íamos poñendo en práctica os talleres, e grazas tamén ao profesorado e ao alumnado que dedicou o seu tempo a cumprimentar a enquisa de avaliación, puidemos apreciar os puntos febles e fortes da nosa práctica, para mellorar de cara ás seguintes edicións.

➢ Con respecto ao alumnado:

- ☺ Se nos centramos no alumnado de educación infantil, puidemos comprobar que, se ben os modelos son transmitidos pola familia, sendo esta o seu referente básico, tamén a escola ten moito que aportar como unidade de socialización secundaria e por ser un dos espazos nos que nenas e nenos pasan máis tempo. Dende este punto de vista notamos a necesidade de que escola e familia camiñen na mesma dirección, complementándose e fomentando as mesmas boas condutas, en vez de obstaculizarse, como sucede nos casos nos que os modelos do ámbito doméstico contradín o ensinado polo profesorado.
- ☹ Chamounos a atención, no alumnado de infantil, a forma na que separan o mundo das persoas adultas do seu, establecendo regras distintas para cada un. O que leva a contradicións como asumir sen problemas que as nenas poden xogar ao fútbol, pero negarse a que as mulleres o poidan facer; ou non ter problemas para aceptar que as persoas maiores teñan todo tipo de traballos reais, pero só aceptar profesións estereotipadas para elas e eles mesmos. Isto fai que cada tema se teña que tratar tanto facendo referencia ao mundo das e dos adultos como ao mundo das nenas e os nenos.
- ☺ Cremos que no aspecto no que máis hai que insistir nesta etapa educativa é na eliminación de estereotipos no ámbito doméstico. Tamén é necesario insistir no uso de termos adecuados, tanto para referirse ás partes do corpo, como para identificar a súa realidade familiar e poder describila sen dificultade.

- ☹ En educación primaria, nalgúns grupos e debido ao seu comportamento, custounos poder levar a cabo as explicacións, inda que por sorte estes grupos foron unha minoría.

➢ Con respecto ao profesorado:

- ☺ Inda que gran parte do profesorado non estivo presente durante a realización dos obradoiros, aquelas mestras e mestres que quedaron, colaboraron activamente coas pedagogas, tanto durante os obradoiros como despois, compartindo con nós as súas impresións, que nos permitiron mellorar a nosa práctica.

- ☺ Tamén é destacable a colaboración das e dos encargados de novas tecnoloxías nos centros, por axudarnos coas pequenas dificultades técnicas, coas instalacións dos equipos e por explicarnos o funcionamento de aparellos tan interesantes como os encerados dixitais interactivos, a ter en conta para futuras edicións do programa, xa que están presentes en todos os CEIPs.

- ☺ E, por suposto, agradecer a participación do profesorado de apoio, que fixo posible coa súa participación e os seus consellos, que aquelas alumnas e alumnos con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade, a problemas de conduta,… puideran participar nos obradoiros.

- ☺ A pesar disto, puidemos apreciar no profesorado carencias, na maioría dos casos compensadas coa boa vontade e o bo facer diario. A súa principal dificultade, en moitos casos autopercibida, está no uso dunha linguaxe sexista e na transmisión inconsciente de estereotipos.

➢ Con respecto ás familias:

- ☺ Inda que non traballamos directamente coas familias, a través do comentado nas clases co alumnado e o profesorado, podemos extraer unha visión positiva: cada vez son máis as familias nas que existe corresponsabilidade e nas que se intenta educar ás fillas e aos fillos de forma igualitaria.

- ☹ A pesar disto, moitos dos estereotipos proceden do ámbito social e familiar e son transmitidos de forma inconsciente.

- ☹ Outro aspecto a ter en conta, sobre todo con respecto ás familias do alumnado de educación infantil, inda que non está directamente relacionado co programa, é a televisión. As nenas e nenos desta etapa educativa dedican moito tempo ao televisor e, en demasiados casos, ven programas pouco adecuados para a súa idade

(telenovelas, series dirixidas a audiencias adolescentes ou preadolescentes, programas e películas dirixidos ao público adulto,…) que en moitos casos insisten nos estereotipos de xénero e que confunden a súa forma de percibir a realidade.

- Con respecto ao desenvolvemento dos obradoiros:

  - ☺ Tanto o profesorado do segundo ciclo de educación infantil como o de sexto de educación primaria valora cunha moi boa puntuación o noso traballo en canto a obxectivos, contidos, coñecementos, metodoloxía e actitude; o que nos fai pensar que a forma de actuar foi a correcta.

  - ☺ Pola súa banda o alumnado de sexto de educación primaria puntúa moi positivamente a nosa actitude, a capacidade de motivación e tamén os materiais empregados, resaltando as novas tecnoloxías como método didáctico axeitado para acadar a aprendizaxe.

  - ☺ Os materiais visualmente atractivos son moi importantes, independentemente da idade do alumnado ao que vaian destinados. Tamén é necesario certo "factor sorpresa", que esperte o seu interese e atención. No caso de educación infantil os materias e actividades han de ser diversos, de gran tamaño e manipulables. No caso de educación primaria, o uso das novas tecnoloxías está ben recibido, aínda que non se debe descoidar o traballo en grupos e as actividades participativas e que lles permitan expresarse.

  - ☺ Cada obradoiro foi mellor valorado que o anterior, o que nos permite concluír que nós tamén realizamos o noso propio proceso de aprendizaxe, adaptándonos á realidade dos distintos centros.

  - ☹ O noso principal erro con respecto á implementación foi planificar as mesmas actividades para os tres cursos do segundo ciclo de educación infantil. Isto fixo que tivésemos que modificar as actividades para o alumnado de tres anos, á vez que seguíamos a implementar o programa.

- Con respecto á comunicación cos centros e cos medios:

  - ☹ Esta comunicación non foi todo o satisfactoria que debería. Xa sexa por pouca claridade na carta enviada, por falta de atención nos centros ou por calquera outra razón, o feito é que varios centros non tiñan claro en que consistía o programa. Se a isto lle sumamos a confusión con outros programas que solicitaron e os

problemas de comunicación intracentro, atopámonos con moitas mestras e mestres que se sorprenderon ao vernos aparecer na súa aula.

☹ Moitos centros que imparten tanto infantil como primaria só solicitaron o programa para a primeira desas etapas. Unha vez no centro, ao falar co profesorado, expresaban a súa confusión, xa que en moitos casos pensaban que o programa só era para infantil e incluso solicitaban verbalmente que se ampliase a outras etapas educativas. Como no exposto no parágrafo anterior, este erro pode ter moitas causas.

## *Propostas de mellora*

De cara ás vindeiras edicións, propoñemos:

- Con respecto á comunicación cos centros e cos medios:
  - ✓ Informar aos medios do programa simultaneamente ao envío da información aos centros.
  - ✓ Enviar aos centros, xunto coa folla de solicitude, un tríptico claro e visualmente atractivo, que recolla información básica sobre o programa: obxectivos, número de obradoiros e contido de cada un, metodoloxía, destinatarios e un resumo do feito nas edicións anteriores.
  - ✓ Difundir o programa a través de páxina web da Concellería de Igualdade e enviar vía correo electrónico información sobre o programa, complementando e reforzando a enviada por correo ordinario ou fax.
  - ✓ Insistir en que o programa tamén vai destinado a 6º de educación primaria.
  - ✓ Establecer comunicación directa entre as pedagogas e o profesorado titor dos grupos nos que se van implementar os obradoiros. Así mesmo, sería moi recomendable que aportasen información sobre as necesidades específicas de apoio educativo do seu alumnado.
- Con respecto ao desenvolvemento dos obradoiros:
  - ✓ Ofertar o programa a todos os cursos de educación primaria e non só a sexto. Desta forma se reforzaría o traballo feito en educación infantil, levando a cabo un traballo continuado. Para isto, sería necesario aumentar o número de educadoras.

- ✓ Cambiar a duración e o número das sesións. Sería adecuado ampliar o tempo a medida que crece a idade do alumnado; non sería recomendable máis de media hora no cuarto curso e corenta minutos en quinto e sexto de educación infantil; e noventa minutos en educación primaria. Con respecto ao número de sesións, sería conveniente reducir as sesión de primaria a tres (unha por trimestre, pero máis longa), e aumentar as de infantil a 6 (dúas por trimestre, pero máis curtas).

- ✓ É importante distribuír as sesións uniformemente ao longo do curso, e tratar de evitar, na medida do posible, as datas próximas a festas, pontes ou vacacións.

- ✓ Insistir en que o profesorado quede na aula durante o desenvolvemento do obradoiro.

- ✓ Ofertarlle ao profesorado actividades complementarias, para reforzar os contidos traballados e proporcionar bibliografía e unha guía de recursos coeducativos.

➢ Con respecto ao deseño do programa:

- ✓ Contar co tempo necesario para documentarse, programar e deseñar e elaborar o material didáctico, o que require, como mínimo, dous meses.

➢ Con respecto á avaliación:

- ✓ Pasar as enquisas de avaliación ao finalizar cada obradoiro, deste xeito aportar suxestións e propostas de mellora para as vindeiras edicións.

➢ Con respecto a outros programas:

- ✓ Parécenos moi recomendable que existan programas específicos de igualdade dirixidos ao profesorado e, especialmente, aos pais, como adultos de referencia que son para as nenas e os nenos.

*"Para educar a un neno, é necesario todo un pobo"*

Proverbio africano.

A educación das nenas e os nenos é responsabilidade de toda a sociedade, non só das familias e das escolas.

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo asume o seu rol educador, poñendo en marcha diversos programas educativos destinados a distintos sectores da sociedade.

Con este programa concreto, "Camiña con Nós pola Igualdade", diríxese ao alumnado, tratando de eliminar os estereotipos de xénero dende as primeiras idades e proporcionando ás nenas e nenos ferramentas para que analicen o mundo que os rodea dende unha perspectiva crítica.

Deste xeito, convencidas de que inda que existen evidentes diferenzas biolóxicas por razón de sexo, todas e todos temos os mesmos dereitos e deberes e deberiamos ter as mesmas oportunidades, as pedagogas puxemos todo o noso empeño para contribuír co noso pequeno gran de area a lograr unha sociedade máis igualitaria e xusta.

O seguinte comentario resume a impresión dunha alumna ou alumno anónimo de sexto de educación primaria cara ao programa:

> *"Minu e Ánxeles explicáronnos moi ben os temas dos que falamos e axudáronnos a comprender que as mulleres teñen os mesmos dereitos e deberes que os homes e tamén as mesmas posibilidades. Así que me parece moi ben que se sigan dando estas clases a outros alumnos para que comprendan que todos somos persoas iguais. Moitas felicidades por estas clases e moitas grazas. Gustoume moito."*

## *Anexos*

### ***Planificación** das visitas aos centros*

| | Educación Infantil | | | | Educación Primaria | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º | 2º | 3º | 4º | 1º | 2º | 3º | 4º |
| CEIP A Doblada | 24/01<br>25/01 | 24/04<br>25/04 | 19/05<br>20/05 | | 25/01 | 25/04 | 20/05 | |
| CEIP A Paz-Tintureira | 21/01 | 20/02 | 25/03<br>21/04 | 21/04<br>12/05 | 21/01<br>20/02 | 25/03 | 21/04 | 12/05 |
| CEIP Carrasqueira | 11/02 | 30/04<br>26/05 | 02/06<br>03/06 | | 30/04 | 26/05 | 03/06 | |
| CEIP A.R. Castelao | 16/01 | 18/02 | 27/03 | | 16/01 | 18/02 | 27/03 | |
| CPI C.E. Ferreiro | 06/03 | | | | | | | |
| CEIP Chans-Bembrive | 17/01 | 19/02<br>29/05 | | | 19/02 | 29/05 | | |
| CEIP Coutada Beade | 29/01<br>29/02 | 29/02<br>07/04 | 07/04<br>07/05 | 04/06 | | | | |
| EEI Cristo de la Victoria | 30/05 | | | | | | | |
| CEIP E.P. Bazán | 18/01<br>13/02 | 13/02<br>12/03 | 10/04<br>08/05 | 08/05<br>09/06 | | | | |
| CEIP Escultor Acuña | 11/01<br>31/01 | 28/04<br>29/04 | 22/05<br>23/05 | | 31/01 | 29/04 | 23/05 | |
| CEIP García Barbón | 14/01<br>15/01 | 14/02<br>15/02 | 13/03<br>14/03 | 14/04<br>15/04 | | | | |
| CEIP Igrexa Candeán | 09/01 | 08/02 | 10/03 | 11/04 | 09/01 | 08/02 | 10/03 | 11/04 |
| CEIP Javier Sensat | 28/01 | 25/02 | 16/04 | 19/06 | 28/01 | 25/02 | 16/04 | 19/06 |
| CEIP Josefa Alonso | 17/04 | 15/05 | 11/06 | | | | | |
| CEIP Mestres Goldar | 12/02 | 27/05 | | | 12/02 | 27/05 | | |
| EEI Monte da Guía | 27/02 | 08/04 | 21/05 | 10/06 | | | | |
| EEI Monte do Alba | 22/01<br>22/02 | 22/02<br>26/03 | 22/04<br>23/04 | | | | | |
| CEIP Mosteiro-Bembrive | 05/03 | 02/04 | 09/05 | 06/06 | | | | |
| EEI O Nogal | 23/04 | 14/05 | 18/06 | | | | | |
| CEIP O Sello | 10/01 | 07/02 | 07/03 | 01/04 | 10/01 | 07/02 | 07/03 | 01/04 |
| CEIP O Pombal | 03/03<br>04/03 | 03/04<br>04/04 | 05/05<br>06/05 | 16/06<br>17/06 | 04/03 | 04/04 | 06/05 | |
| CEIP Otero Pedraio | 08/01 | 06/02 | 11/03 | | 08/01 | 06/02 | 11/03 | |
| EEI Rúa Palencia | 01/02 | | | | | | | |
| EEI Rúa Hernán Cortés | 28/02 | 09/04 | 13/05 | 05/06 | | | | |
| CEIP San Salvador-Teis | 23/01 | 21/02 | 31/03 | | 23/01 | 21/02 | 31/03 | |
| CEIP Santa Mariña | 26/02 | | | | 26/02 | 23/04 | | |
| CEP Santa Tegra | | | | | 06/03 | 18/04 | | |
| CEIP Vicente Risco | 14/05 | 12/06 | | | | | | |
| CEIP Virxe do Rocío | 18/04 | 28/05 | 13/06 | | | | | |

## *Programa didáctico de educación infantil:*

***Obxectivos**:*

*Obxectivo xeral:*

*Fomentar a igualdade entre nenas e nenos.*

*Obxectivos específicos:*

- *Romper os estereotipos de xénero, tanto no ámbito familiar, como no laboral.*
- *Fomentar a corresponsabilidade na familia.*
- *Educar na igualdade de xénero.*
- *Aceptar os distintos tipos de familias.*
- *Fomentar a igualdade no ámbito do traballo.*
- *Coñecer distintas personaxes ficticias e reais, que non corresponden aos estereotipos de xénero.*
- *Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos eidos laboral e familiar.*
- *Expresar e identificar emocións e sentimentos.*

***Contidos:***

*Contidos Conceptuais:*

- *Familia, distintos tipos de familia.*
- *Corresponsabilidade.*
- *Roles de xénero.*
- *Tarefas do fogar.*
- *Traballo na casa (ámbito privado), e traballo fóra da casa (ámbito público).*
- *Profesións.*
- *Personaxes reais e ficticias.*
- *Sentimentos, emocións.*

*Contidos Procedimentais:*

- *Simular tarefas domésticas.*

- *Aprender a identifica-los sentimentos e emocións propios e dos outros.*
- *Traballar cooperativamente.*

*Contidos Actitudinais:*

- *Que o alumnado acepte os distintos tipos de familias*
- *Que o alumnado sexa consciente de que as tarefas da casa se deben compartir.*
- *Que o alumnado tome conciencia de que non hai tarefas propias dun sexo.*
- *Que o alumnado saiba que pode elixir con independencia do seu sexo.*
- *Que o alumnado responda de forma positiva ante as emocións e sentimentos dos demais.*

Metodoloxía:

O programa se levará a cabo a través dunha metodoloxía activa, participativa, lúdica, experiencial, baseada nos coñecementos previos do alumnado.

Tratarase de crear aprendizaxes significativas,  e permanentes.

Temporalización:

O programa se levará a cabo de xaneiro a xuño de 2008.

Está pensado para realizar, en cada centro, catro obradoiros de 45 minutos de duración. Estes obradoiros estarán espazados entre si cun mínimo de dúas semanas.

Para aqueles centros que opten por non solicitar a totalidade dos obradoiros, axustarase a programación para intentar tratar tódolos temas importantes.

Actividades:

O programa consta de catro obradoiros temáticos, en cada un dos cales levaranse a cabo distintas actividades:

Co obxectivo de dar coherencia ás actividades e crear un nexo de unión entre elas, creamos o “Libro da Igualdade” que será o fío conductor dos obradoiros.

1º Obradoiro: Familia e corresponsabilidade.

No primeiro obradoiro levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Presentación:

  As monitoras preséntanse ao grupo. Pregúntanlles ás nenas e nenos os seus nomes, escríbense en etiquetas e colócaselle a cada cal a súa.

  - Nos grupos de cinco anos, aos que xa saiban escribir o seu nome, se lles repartirán as etiquetas para que as cubran.

  A continuación, presentamos o "Libro da Igualdade".

  *"Querémosvos ensinar un libro moi especial para nós. É o "Libro da Igualdade", e está cheo de sorpresas e historias que vos iremos ensinando nos próximos días. Este libro o escribiron unha escritora e un escritor moi, moi observadores, e un pouco laretas, ós que lles encantaba espiar o que ocorría o seu redor.*

  *Unha cousa que lles fascina observar son as familias: eses grupos de persoas que conviven xuntas nun fogar, quérense, e cóidanse.*

  *Algunhas familias que observaron a escritora e o escritor son as seguintes:"* ensinámoslles distintos imaxes de familias: monoparentais, extensas, parellas heterosexuais, parellas homosexuais, separacións, nais e pais separados, etc.

- Pídeselle ás nenas e aos nenos que debuxen á súa familia.
- Corresponsabilidade: *"A escritora e o escritor observaron tamén os lugares onde viven estas familias, as casas e os pisos. Sorprendeulles moito o que pasa nalgunhas casas desta cidade. Xa que nelas, hai unha persoa (ás veces un home, ás veces unha muller) que se encarga de todo: de limpar, de varrer, de fregar, de cociñar, de lava-la roupa, de recoller, de saca-lo can, de amañar os aparellos escangallados... E os demais parece que non fan nada. Esa persoa está moi cansa, e non ten tempo libre para xogar, descansar, ve-la televisión, ou ir pasear. En cambio, noutras casas repártense as tarefas, todos participan e o pasan ben, e teñen moito tempo libre para xogar e divertirse, e son moito máis felices. ¿Pasa iso na vosa casa? ¿Quen se encarga de limpar, etc? ¿E vós que facedes?"*

  Ensinámoslles que ao examina-las casas atopáronse con certos aparellos misteriosos, que non saben ben para que serven nin como se usan.

  Amosámoslles ás nenas e nenos distintos utensilios de limpeza e coidado do fogar (tixola, cazos, vasoira, fregona, ferro de pasar, plumeiro, aspirador, lavadora, lavalouzas, desparafusador, parafusos, martelo, serra, etc.) e pedímoslles que exemplifiquen o seu uso.

- Quebracabezas: Faremos un quebracabezas, que inclúa unha escena cotiá na que tanto a muller como o home participan na mesma tarefa (en caso de que as achegas do alumnado nas dúas

primeiras actividades sexan moi ricas e participativas, se prescindirá desta actividade).

- Para rematar, lemos un conto e comentamos.
- Entregámoslles unha escena coa escritora e o escritor limpando a súa casa, para que a coloreen.

2º Obradoiro: Traballo.

- Presentación: Presentámonos. Poñémoslle-las etiquetas cos nomes.
- Traballos/profesións: *"A escritora e o escritor foron visitar varias casas desta cidade, e as atoparon baleiras. Nalgunhas había só unha persoa, ás veces unha muller, ás veces un home, pero estaban moi atarefados limpando a casa, cociñando, coidando da avoa e do avó, montando mobles, etc.*

*¿Onde están esas persoas po-lo día? ¿As vosas nais e pais que fan mentres estades na escola.?"*

As nenas e nenos nos contan en que traballan as súas nais e pais. Preguntámoslles se as mulleres e os homes poden facer os mesmos traballos.

Se non os din eles, podemos suxerirlles distintas ocupacións para falar sobre elas: profesor, profesora, doutor, doutora, bailarín, bailarina, condutor, condutora, presidente, presidenta, amo de casa, ama de casa, limpador, limpadora, futbolista, director, directora, tendeiro, tendeira, etc.

*"A escritora e o escritor foron buscar ás persoas perdidas, e as atoparon nos seguintes lugares"*

Mostrámoslles ás nenas e aos nenos distintos escenarios, e preguntámoslles se a escritora e o escritor poderían traballar neles, lles pedimos que pensen se é un traballo para mulleres, para homes, ou para ambos.

- Dominó xigante de profesións. Todo o grupo xoga a un dominó onde hai que unir as parellas da mesma profesión: veterinaria e veterinario, carpinteira e carpinteiro, bailarina e bailarín, etc.
- Contamos un conto e comentamos.
- Para rematar modelan a un personaxe do conto con plastilina.

3º Obradoiro: Mulleres.

- Presentación: Presentámonos e poñémoslles as etiquetas cos nomes.
- As mulleres nos debuxos animados e na literatura infantil:

*"A escritora e o escritor estiveron investigando os libros e os programas da tele que ven as persoas, recopilaron os seguintes:"* Amosámoslles imaxes de protagonistas de libros infantís e debuxos animados.

Pedímoslles ás nenas e aos nenos que digan que debuxos miran, e que libros lles len súas nais e seus pais (ou eles mesmos no caso de sexto de educación infantil). Pedímoslles que nos describan ás personaxes principais: se son nenas ou nenos, que fan, como son, como visten…

A labor das monitoras será introducir aqueles modelos femininos e masculinos que non nomeen as nenas e os nenos, por exemplo: se só aparecen figuras de personaxes femininos submisos e débiles, presentámoslles personaxes fortes e independentes. Preguntámoslles ao alumnado sobre cómo son, a qué xogan, para comparar a súa realidade cos personaxes de ficción.

A continuación presentámoslles personaxes que chamaron a atención da escritora e do escritor, contándolles, a modo de conto narrativo, a vida deses personaxes: mulleres e homes significativos por destacar en ámbitos normalmente asociados ó sexo oposto.

- Conto e comentario.
- Para rematar, lles entregamos imaxes para colorear das personaxes das que falamos. Unha vez coloreadas (e recortadas no caso do alumnado de 5 anos) pegaranse sobre unha base, e quedarán na aula.

<u>4º Obradoiro</u>: Afectividade.

- Presentación: Presentámonos e poñémoslles as etiquetas cos nomes.
- Expresións faciais: *"A escritora e o escritor danse conta de que ás veces nas nosas caras pasan cousas estrañas: ás veces nos cae auga dos ollos, outras ensinamos os dentes e facemos: hahaha; outras alzamos as cellas, outras engurramos o entrecello... por qué?"*

Para as nenas e os nenos de 3 e 4 anos: levamos unha cara (nunha das follas do libro) e con distintas bocas, ollos, cellas... facemos distintas expresións faciais. Xogamos coas nenas e os nenos a imitalas e a identificalas.

Tentamos que as relacionen con distintos estados de ánimo: ¿cando choramos somos felices ou tristes?, ¿cándo rimos?, ¿qué pasa cando estamos enfadados? Buscamos a reacción axeitada para cada expresión e sentimento: se alguén está triste, ¿qué facemos?; ¿e se están alegres?, ¿e se están enfadados?

Facemos unha ruleta de sentimentos, as nenas e nenos teñen que imitar o sentimento seleccionado ó chou na ruleta.

En sexto curso: Levamos tarxetiñas de cores nas que estean escritas e debuxadas distintas situacións: É o teu aniversario, é Nadal, papá vente buscar ao cole, rifaches cunha compañeira de clase, o profesor díxoche que fixeches o exercicio moi ben, non podes saír a xogar porque chove... Cada nena e neno escolle unha, ten que expresar o que sinte nesa situación, e os demais o teñen que adiviñar.

- Conto: contamos un conto e comentamos.
- Baile: As nenas e nenos forman dous círculos mixtos, e se colocan uns mirando para outros. Soa a música e teñen que bailar coa persoa que teñen diante. O parar a música bailan en corro, collidos das mans, e cando volve soar volven bailar coa persoa que teñen diante.
- Xogo cadeiras cooperativas.

- Entregámoslles agasallos a modo de clausura.

Avaliación:

Para avaliar usaremos as seguinte técnicas:

- Cuestionarios: pasarémoslle un cuestionario ó profesorado.
- Observación: durante os obradoiros as monitoras observarán e recollerán datos relevantes relacionados co desenvolvemento dos obradoiros: número de alumnas, número de alumnos, se hai profesor ou profesora, se está presente durante o desenvolvemento, grado de participación, se participan máis as nenas ou os nenos, distribución do alumnado na aula, grado de interese mostrado, etc.

## *Programa didáctico de educación primaria:*

### Obxectivos:

Obxectivo xeral:

Fomentar a igualdade entre mulleres e homes.

Obxectivos específicos:

- Romper os estereotipos de xénero.
- Fomentar a corresponsabilidade entre os membros da familia.
- Educar nos conceptos de igualdade de xénero.
- Fomentar a igualdade no ámbito do traballo.
- Coñecer as achegas das mulleres á Historia da humanidade.
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida.
- Desenvolver a asertividade.
- Identificar situacións de maltrato relacionadas coa violencia de xénero.

### Contidos:

Contidos Conceptuais:

- Corresponsabilidade.
- Roles de xénero.
- Traballo na casa (ámbito privado), e traballo fóra da casa (ámbito público).
- Igualdade de xénero no eido laboral.
- Mulleres relevantes na historia.
- Sentimentos, emocións.
- Violencia de xénero.
- Asertividade.
- Afectividade.
- Relacións construtivas e destrutivas.

Contidos Procedimentais:

- Análise crítica de materiais escritos e audiovisuais.
- Expresarse a través da pintura.
- Elaborar un diario de tarefas.
- Expoñer oralmente.
- Asumir responsabilidades.
- Desenvolver a empatía.
- Desenvolver a asertividade.

Contidos Actitudinais:

- Darse conta de que as tarefas de casa deben repartirse equitativamente.
- Sensibilizarse fronte a violencia de xénero.
- Tomar conciencia das semellanzas entre mulleres e homes.
- Aprender a ver as calidades positivas dos demais.

**Metodoloxía**:

O programa se levará a cabo a través dunha metodoloxía activa, participativa, lúdica, experiencial, baseada nos coñecementos previos do alumnado.

Tratarase de crear aprendizaxes significativas,  e permanentes.

**Temporalización**:

O programa se levará a cabo de xaneiro a xuño de 2008.

Está pensado para realizar, en cada centro, catro obradoiros de corenta e cinco minutos de duración. Estes obradoiros estarán espazados entre sí cun mínimo de dúas semanas.

Para aqueles centros que opten por non solicitar a totalidade dos obradoiros, axustarase a programación para intentar tratar tódolos temas importantes.

Actividades:

O programa consta de catro obradoiros temáticos interrelacionados, en cada un dos cales levaranse a cabo distintas actividades.

1º Obradoiro: Diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes.

- Presentación: As monitoras preséntanse ao grupo. Distribúense entre o alumnado etiquetas para que se identifiquen.
- Presentación do programa: As monitoras din o nome do programa "Camiña con Nós pola Igualdade", e se fai un torbellino de ideas sobre a palabra igualdade. Anótanse as achegas das alumnas e dos alumnos no encerado.

  A continuación preséntanse os catro núcleos temáticos do programa. Preguntámoslles se lles parecen ben, se cren que é un tema importante e interesante, e se xa trataron algo relacionado co tema na escola ou na casa.

  Explicamos que nos imos centrar na igualdade entre mulleres e homes. Explica-la diferenza entre xénero e sexo usando unha transparencia ou unha presentación dixital.
- Persoas: mulleres e homes. Organízase a clase en grupos homoxéneos en canto a sexo, de catro ou cinco persoas. A cada grupo se lle entregan dúas transparencias: unha coa palabra home, e outra coa palabra muller, para que escriban nelas as palabras (calidades, características...) que mellor definen a cada un deles.

  A continuación exporán á clase as súas achegas, e as monitoras escribirán no encerado as distintas características de muller e de home propostas po-lo alumnado.

  Unha vez escritos todos, comentaranse as igualdades e diferenzas, intentando que as alumnas e alumnos se dean conta de que as diferenzas son produto da cultura e da educación, e, por tanto, tódalas características atribuídas a cada un dos sexos, son compartidas polos dous.

  Faise un mural coa palabra persoa no centro, e unha imaxe representiva, e o alumnado escribe en follas de cores as palabras que definen tanto a mulleres como a homes, e as pegan no mural. Dito mural quedarase na clase.
- Desta forma inauguramos un "espazo para a igualdade" na aula, onde deixaremos as definicións dos conceptos que empreguemos nos obradoiros.
- Analizar imaxes de mulleres e homes: Partindo de anuncios de prensa, de imaxes de figuras públicas, e de imaxes de personaxes de videoxogos, comentamos os modelos que nos transmiten nos medios, e analizamos criticamente o seu axuste coa realidade, se son ideais ou reais.

Falar de cómo nos medios de comunicación se da unha importancia excesiva á imaxe exterior das persoas, e non a outras calidades, como poden ser intelixencia, afabilidade, cultura, espírito crítico, etc. Falar das calidades necesarias na sociedade actual.

Esta actividade, se non dera tempo a facela na clase, suxerirase á profesora ou ó profesor, como actividade complementaria ó obradoiro.

- A modo de conclusión, colocaremos no "espazo de igualdade" as definicións e palabras chaves tratadas no obradoiro: igualdade, xénero, sexo, muller, home, persoa, imaxe.

2º Obradoiro: Corresponsabilidade.

- Presentación: As monitoras preséntanse ao grupo. Distribúense entre o alumnado etiquetas para que se identifiquen.
- Diario de tarefas: Explicámoslles que neste obradoiro imos falar do reparto de tarefas na casa. Para iso propoñémoslle-la creación dun diario. Entregámoslles uns cadernos con páxinas de cores, tamaño A-6. En cada unha delas deben anotar o nome dun membro da súa familia, e debaixo de cada nome escribir as actividades que fai esa persoa na casa: lavar os pratos, ver a tele, xogar ao ordenador, cociñar, varrer, ler, estudar, cambiar lámpadas, etc.

  Na última páxina do caderno estarán escritas unhas preguntas, que servirán para reflexionar entre todos: Compara as tarefas que realizan as mulleres e os homes na casa. ¿Son as mesmas?; ¿Que tipo de tarefas fai cada quen?; ¿Que motivos son os que provocan que na casa as persoas realicen actividades diferentes?; ¿Parécete xusta esta repartición de tarefas na túa casa?; Tenta analizar ou expoñer os motivos que te levan a realizar as tarefas domésticas que fas ti.
- Reflexión en gran grupo sobre a distribución das tarefas domésticas, tentando que o alumnado tome conciencia de que son responsabilidade de todos. As monitoras introducen o termo corresponsabilidade, definíndoo como o reparto equitativo de tarefas.
- Analízanse distintas expresións orais con e sen corresponsabilidade
- Videoforum: "El sueño imposible".
- Na contraportada do diario de tarefas cada nena e neno asinará un contrato no que se compromete a realizar tres tarefas da casa que antes non facía.
- A modo de conclusión, colocaremos no "espazo de igualdade" as definicións e palabras chave tratadas no obradoiro: corresponsabilidade, e tarefas da casa.

3º Obradoiro: Presenza das Mulleres na Historia..

- Presentación: As monitoras preséntanse ao grupo. Distribúense entre o alumnado etiquetas para que se

identifiquen.

- Adiviñas: pregúntanse dúas adiviñas nas que a clave da resolución está en rompe-los estereotipos de xénero:

  ·Laxe tiña un irmán, o irmán de Laxe morreu. Máis o home que morreu nunca tivo un irmán.

  ·Un pai e máis o fillo ían en coche cando, de súpeto, o pai perdeu o control de vehículo, e chocaron contra un poste telefónico. O pai morreu no acto. O fillo quedou maltreito e foi levado rapidamente ó hospital onde se lle apreciaron lesións importantes que requirían unha urxente intervención. Foi chamado o equipo médico de garda e cando chegou á sala de operacións para examinar ó rapaz oíuse unha voz: “Non podo operar a este neno, é meu fillo”.

  Estas adiviñas constatan como, normalmente, non temos en conta ás mulleres no noso pensamento. No estudo da historia soe pasar o mesmo. Nas clases de historia,no colexio, ¿fálanvos das achegas das mulleres?, ¿qué personaxes históricos femininos coñecedes?
- Mediante unha presentación dixital repasamos a presenza das mulleres na historia da humanidade.

  En grupos de catro, resolven unha sopa de letras na que deben atopar os nomes das mulleres presentadas anteriormente.
- “Se el nacera muller”: Preguntámoslles se coñecen a Benjamin Franklin. Contámoslles brevemente a súa historia. A continuación preguntámoslles se coñecen á súa irmá. Proxéctase, e lese, a historia de Jane Franklin. Compáranse as historias dos dous irmáns.
- Examinar ofertas de emprego: decir se van dirixidas a mulleres ou a homes. As monitoras tentarán que o alumnado se decate de que tódolos traballos poden ser desempeñados por persoas de ambos sexos.

  Esta actividade, se non dera tempo a facela na clase, suxerirase á profesora ou ao profesor, como actividade complementaria ao obradoiro.
- A modo de conclusión, colocaremos no “espazo de igualdade” as definicións e palabras chave tratadas no obradoiro: Historia, emprego remunerado, profesións.
- “Xogo dos sobres”. Úsanse distintos sobres de cores. En cada un hai dúas biografías, unha dunha muller e outra dun home, coa mesma profesión. O alumnado ten que adiviñar cal corresponde a cada quen.

<u>4º Obradoiro</u>: Afectividade. Violencia de Xénero.

- Presentación: As monitoras preséntanse ao grupo. Distribúense entre o alumnado etiquetas para que se identifiquen.
- Mediante unha presentación dixital trátanse os temas da afectividade, das relacións, da violencia de xénero, e da asertividade.

  Con respecto á afectividade: falarase dos sentimentos, de cómo os expresamos, e da maneira en que inflúen nos demais. Realizaremos unha dinámica de cohesión grupal: pegarase un folio en branco na

espalda de cada nena e neno, e todos deben escribir unha característica positiva nese folio, sen repetir o xa escrito.

- Analizaremos as relacións de parella construtivas e destrutivas, e  cómo diferencialas.
- Por último explicaremos o concepto de asertividade. Partindo de dous casos as alumnas e os alumnos reflexionarán sobre as condutas axeitadas e desaxeitadas ante unha situación de violencia de xénero. As súas achegas se recollerán no encerado.
- Escoitarase e analizarase unha canción dun grupo musical coñecido, que fale sobre a violencia de xénero.
- A través dun torbellino de ideas, o alumnado buscará formas de previr o problema da violencia de xénero, que se recollerán no encerado.
- A modo de conclusión, colocaremos no “espazo de igualdade” as definicións e palabras chave tratadas no obradoiro: afectividade, violencia de xénero, relacións, asertividade, e a letra da canción.
- Propoñémoslles a seguinte actividade para casa: Pintando un sentimento: Pedímoslles ás alumnas e alumnos que identifiquen o sentimento que experimentan ao pensar na violencia de xénero: enfado, impotencia, rabia, medo, tristura... E que plasmen dito sentimento nun debuxo. Deixámoslles un sobre selado para que nos envíen os debuxos que fagan.
- Pasámoslles un cuestionario de avaliación do programa.
- Entregámoslles agasallos a modo de clausura.

<u>Avaliación</u>:

Para avaliar usaremos as seguinte técnicas:

- Cuestionarios: pasarémoslle un cuestionario ao alumnado, e outro ao profesorado.
- Observación: durante os obradoiros as monitoras observarán e recollerán datos relevantes relacionados co desenvolvemento dos obradoiros: número de alumnas, número de alumnos, se hai profesor ou profesora, se está presente durante o desenvolvemento, grado de participación, se participan máis as nenas ou os nenos, distribución do alumnado na aula, grado de interese mostrado, etc.

## *Materiais didácticos usados en educación infantil:*

Quebracabezas:



Dominó xigante da igualdade:



Libros da igualdade






## *Materiais didácticos usados en educación primaria:*

Presentación en formato dixital: “corresponsabilidade”




Presentación en formato dixital: “a muller na historia”


Adiviñas


Adiviñas


Normalmente as mulleres non están presentes no noso pensamento


As mulleres na historia


ETAPAS DA HISTORIA


¡Que facía?


ETAPAS DA HISTORIA


A idade Antiga era un mundo sen mulleres.


A pesar desta situación hostil para as mulleres,
na Grecia Clásica destacaron:
Cleopatra


HIPATIA DE ALEXANDRÍA


ETAPAS DA HISTORIA


EN EUROPA


A muller carece de liberdade.
Sempre está ligada a un home:
a prometida, a casada, a viúva.
Filla de ...
Muller de ...
Nai de ...


Non Podía:










HILDEGARDA DE BINGEN


NO IMPERIO BIZANTINO




ETAPAS DA HISTORIA






TERESA DE XESÚS


ETAPAS DA HISTORIA






We Can Do It!


We Can Do It!


We Can Do It!


CONCEPCIÓN ARENAL




Presentación en formato dixital: “a irmá de Benjamin Franklin”

























Presentación en formato dixital: “afectividade”


Afectividade
Relacións


Emocións:


Emocións Primarias:


Emocións:


Xestionar as Emocións:


Xestionar as Emocións:




Relacións de Parella



Existe o Príncipe Azul ????




Existe o Príncipe Azul ????




¿Recordades as diferenzas entre sexo e xénero?




Todalas persoas temos un carácter diferente, pero hai cousas que se dan máis nas nenas que nos nenos...
¿A que se debe?




Todalas persoas temos un carácter diferente, pero hai cousas que se dan máis nas nenas que nos nenos...
¿A que se debe?




A forma na que nos educan limita a nosa vida:




A forma na que nos educan limita a nosa vida:
Crear unha familia




As veces as rapazas fan cousas que non lles apetecen, ou que as prexudican.


As veces as rapazas fan cousas que non lles apetecen, ou que as prexudican.
TODAS FALSAS


Resumindo...
Hai dous tipos de relacións:
Confiña
Maltrato


Nunha relación Dañina, danse algunhas das seguintes situacións:


Nunha relación Dañina, danse algunhas das seguintes situacións:


Nunha relación Sana:


Nunha relación sana ningún dos dous manda sobre o outro, e os dous se mostran cariño e se apoian.


A historia de Iria e Martin:


A historia de Iria e Martin:


A historia de Iria e Martín:


A historia de Iria e Martín:


A historia de Iria e Martín:


A historia de Iria e Martín:


A historia de Iria e Martín:


A historia de Iria e Martín:


A historia de Iria e Martín:


A historia de Iria e Martín:


Corta coas relacións que
che fan dano: di NON


A violencia de xénero:
É a violencia que sofren
as mulleres a causa dos
estereotipos de xénero.










Sopa de letras:







Xogo dos sobres:



Espazo de igualdade:




***Enquisas de avaliación:***

Enquisa para o profesorado:

A CUBRIR POLO ***PROFESORADO TITOR*** DAS AULAS
QUE PARTICIPARON NO PROGRAMA
***CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE***

ENQUISA DE AVALIACIÓN

**Esta enquisa é totalmente anónima e voluntaria.** Gustaríanos coñecer a súa opinión respecto da realización das actividades do programa "Camiña con Nós pola Igualdade" desenvolto no seu centro durante o curso 2007-2008, coa fin de mellorar o noso traballo.
Agradeceriamoslles que a cubrisen con letra maiúscula e de cor negra, e a enviasen antes do 15 de xuño a través do noso número de fax: 986 430 082.
No caso de que precise máis espazo para responder ás cuestións pode engadir anexos.

**Moitas grazas pola súa colaboración,**

Cristina Gómez
Xefa do Departamento
Vigo, de de 2008

**Naquelas cuestións nas que teña que cualificar de 1 a 5, lembre que 1 é a puntuación mínima e 5 a máxima. Márquea cun X.**

1. O seu nivel educativo é: __________.

2. A súa clase participou en ___ sesións.
   - Considerou suficientes as sesións realizadas? Si □ Non □
   - Cantas sesións considera que serían necesarias ao longo dun curso escolar? ______
   - Considera axeitada a duración de cada unha das sesións? Si □ Non □
   - Cal sería para vostede a duración axeitada? __________

3. Estivo presente durante a realización dos obradoiros? Si □ Non □

4. Foron axeitados os contidos dos obradoiros?

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

5. O material empregado nos obradoiros estaba adaptado ás características do alumnado?

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

6. Valore a actuación das pedagogas que desenvolveron os obradoiros en canto a:
   1. Coñecementos

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

   2. Metodoloxía

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

   3. Actitude

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

7. Describa a(s) actividade(s) que máis lle gustou/gustaron:

A CUBRIR POLO ***PROFESORADO TITOR*** DAS AULAS
QUE PARTICIPARON NO PROGRAMA
***CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE***

8. Describa a(s) actividade(s) que menos lle gustou/gustaron:

______________________________________________

______________________________________________

9. A vostede, como profesional, os obradoiros axudáronlle a:

______________________________________________

______________________________________________

10. Ao seu alumnado, os obradoiros axudáronlle a:

______________________________________________

______________________________________________

11. Valore o grao de consecución dos seguintes obxectivos por parte do seu alumnado, en función dos obradoiros levados a cabo na súa aula:

| Etapa | Obradoiro | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | 1º | - Romper os estereotipos de xénero | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | | - Identificar as semellanzas e diferenzas entre mulleres e homes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | 2º | - Fomentar a corresponsabilidade na familia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | 3º | -Coñecer as aportacións das mulleres á historia da humanidade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | 4º | - Desenvolver a asertividade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | | - Identificar situacións de maltrato relacionadas coa violencia de xénero | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | | - Expresar e identificar emocións e sentimentos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Educación infantil | 1º | - Romper os estereotipos de xénero no ámbito familiar | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | | - Fomentar a corresponsabilidade na familia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | | - Aceptar os distintos tipos de familia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | 2º | - Romper os estereotipos de xénero no ámbito laboral | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | | - Fomentar a igualdade no ámbito do traballo | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | 3º | - Coñecer distintas personaxes ficticias e reais que non corresponden aos estereotipos de xénero | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | 4º | - Expresar e identificar emocións e sentimentos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

12. Valore o seu grao de satisfacción co programa:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

13. Gustaríalle que este programa tivese continuidade en vindeiros cursos escolares: Si □ Non □

14. Suxestións e propostas de mellora:

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

Enquisa a cubrir polo alumnado:

A CUBRIR POLO ***Alumnado de 6º de Educación Primaria***
QUE PARTICIPOU NO PROGRAMA
***CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE***

ENQUISA DE AVALIACIÓN

**Esta enquisa é totalmente anónima e voluntaria.** Gustarianos coñecer a túa opinión respecto da realización das actividades do programa "Camiña con Nós pola Igualdade" desenvolto no túa clase durante o curso 2007-2008, coa fin de mellorar o noso traballo.
Agradeceriamosche que a cubrises con letra maiúscula e de cor negra.
No caso de que precises máis espazo para responder ás cuestións podes engadir anexos.

**Moitas grazas pola túa colaboración.**
Vigo, de de 2008

Cristina Gómez
Xefa do Departamento

**Naquelas cuestións nas que teñas que cualificar de 1 a 5, lembra que 1 é a puntuación mínima, e 5 a máxima. Márcaa cun X.**

1. En cantos obradoiros participaches? ___ Non o lembro ☐

2. Paréceche interesante a temática do programa ? Si ☐ Non ☐

3. Avalía ás pedagogas que impartiron o programa en canto a :

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Coñecementos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Claridade de exposición | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Actitude | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Capacidade de motivación | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

4. Describe a actividade que máis te gustou, e di por que.

5. Describe a actividade que menos te gustou, e di por que.

6. En que te axudaron estas actividades?

7. Os obradoiros axudáronte a que cambiara a túa forma de ver ás mulleres e aos homes? Si ☐ Non ☐
En que?

8. Tras participar nestes obradoiros pensas que as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas
   - Non hai emocións exclusivas dun só sexo. Verdadeira ☐ Falsa ☐
   - Rapazas e rapaces poden participar conxuntamente nas mesmas actividades. Verdadeira ☐ Falsa ☐
   - Non hai tarefas nin profesións específicas dun só sexo. Verdadeira ☐ Falsa ☐
   - Repartindo as tarefas da casa gañamos todas e todos. Verdadeira ☐ Falsa ☐
   - As achegas de moitas mulleres ao longo da historia pasaron desapercibidas. Verdadeira ☐ Falsa ☐

9. Parecéuche positivo? Si ☐ Non ☐
   Por que?

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

10. Se fose optativo, participarías? Si ☐ Non ☐

11. Valora cada obradoiro en canto a:

a. contidos explicados (canto che gustou o que te contamos?):

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.Mulleres e homes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2.Corresponsabilidade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 3.A muller na historia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4.Afectividade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

b. actividades desenvoltas (canto che gustou o que fixemos?):

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.Mulleres e homes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2.Corresponsabilidade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 3.A muller na historia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4.Afectividade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

c. materiais empregados (canto che gustaron as "cousas" que empregamos?):

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.Mulleres e homes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2.Corresponsabilidade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 3.A muller na historia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4.Afectividade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

d. aprendizaxes realizadas (canto aprendeches?):

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.Mulleres e homes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2.Corresponsabilidade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 3.A muller na historia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4.Afectividade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

12. Se tes algún comentario para as pedagogas que impartiron o programa , escríbeo a continuación

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

   ______________________________________________

Grazas por dedicar o teu tempo a cubrir esta enquisa.
Deste xeito axúdasnos a mellorar.